- b) Investigación e asesoramento públicos. É imprescindible un estudo de variedades e técnicas de cultivo, así como o asesoramento e seguimento dos proxectos que se poñan en marcha. Ademais, é necesario contratar persoal para as OAC xa que moitos dos intentos da xente para iniciar un proxecto no agro acaban en fracaso por unha incorrecta formulación.
- c) Comercialización a través da potenciación de circuítos curtos, da creación de marcas de garantía galegas e ao asesoramento de profesionais na comercialización.
- d) Compra pública en colexios, hospitais ou centros da terceira idade. Introducir criterios como o da proximidade, ou dar prioridade a produtos galegos e/ou ecolóxicos no abastecemento deste tipo de centros públicos contribuiría a consolidar proxectos locais.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 14/07/2015 10:31:50

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Ricardo Vicente Docasar Docasar, Maria Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nos últimos tempos, o Grupo Parlamentario Socialista denunciou sempre que tivo ocasión a política lingüística -e en concreto a política de aprendizaxe de linguas estranxeiras- levada a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aínda que temos que recoñecer que con escaso éxito pola cerrazón e a falta de sensibilidade dun goberno instalado confortablemente no “altar da súa maioría absolutista”.

Ninguén dubida que a aprendizaxe de idiomas se ten convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental, tanto para xente moza como para adulta, e ninguén dubida tampouco que a aprendizaxe de idiomas estranxeiros abre portas para o acceso ao esixente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir.

Esa posibilidade de formación está hoxe ao alcance de moita xente nas cidades, pero resulta moito máis complicada en pequenas vilas do noso rural, a pesar da existencia dese lugar de “peregrinación habitual ” existente nos Peares para todos os conselleiros de Educación do Sr. Feijoo.

Esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista busca ante todo reflexionar sobre ese plurilingüísmo do que tanto lles gusta falar aos representantes do Partido Popular, pero busca facelo sen trampas e sen demagogia.

O Grupo Parlamentario Socialista ten dito moitas veces en sede parlamentaria que comparte a necesidade de potenciar o estudo de idiomas estranxeiros na nosa xuventude, aínda que cousa distinta é que coincidamos en como facelo...

Temos dito tamén reiteradamente no que cambiar estadías en Inglaterra, Irlanda, EEUU ou Canadá por mini cursos dunha semana nos Peares non nos pareceu nunca a mellor opción para aprender inglés.

Grupo Parlamentario

E temos dito tamén reiteradamente que non nos pareceu nunca a mellor opción cambiar estadias en países estranxeiros pola impartición en inglés, francés ou alemán dalgunhas materias por parte de profesorado non especialista, nin pensar que entregando uns listados de vocabulario en inglés, francés ou alemán nas materias de plástica, música ou educación física poderíamos estar potenciando en serio o estudo de linguas estranxeiras no noso país.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Socialista apoiaría, polo contrario, medidas máis ambiciosas, medidas que facilitasen ao alumnado de familias medias e humildes estadias en países estranxeiros nos períodos vacacionais do estudantado, medidas que dotasen aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para poder impartir con garantías as clases de linguas estranxeiras ou medidas que facilitasen tamén ao profesorado de idiomas a formación continua necesaria para actualizar os seus coñecementos.

Entende este grupo parlamentario que este asunto merece un tratamento axeitado, e por iso presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Poñer en marcha unha política moderna, eficaz e rigorosa para fomentar en serio a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o estudiantado galego.

2º) Poñer en marcha unha política moderna, eficaz e rigorosa para fomentar en serio a formación do profesorado que imparte as linguas estranxeiras no noso país.

3º) Poñer en marcha unha política moderna, eficaz e rigorosa para que os centros educativos galegos contén coas condicións necesarias para implementar nas súas aulas a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/07/2015 11:11:53

María Concepción Burgo López na data 14/07/2015 11:12:06

Emilio Vázquez Blanco na data 14/07/2015 11:12:11

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 11:12:18



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao través das deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa ao número de persoas beneficiadas polo Programa de Activación para o Emprego (PAE).

Exposición de motivos

Asinárase o 15 de decembro do 2014, o acordo estatal para desenvolver o Programa de Activación para o Emprego (PAE), acordo que nas verbas do presidente do goberno central permitiría arbitrar axudas especiais para conquistar a integración no mercado laboral a aproximadamente 450.000 persoas en situación de paro de longa duración e con responsabilidades familiares. Estimación que a ministra afirmou que nace dunha consulta coas comunidades autónomas.

Esta axuda de 426 euros durante seis meses alén da súa moi reducida contía partía xa coa eiva dunha previsión de cobertura de só 1 de cada tres persoas sen ingresos, no paro e con cargas familiares.

O 6 de marzo o consello de ministros aprobou un crédito extraordinario por importe de 850 millóns de euros para financiar este PAE no exercicio 2015.

As previsións enunciadas polo goberno están a resultar fallidas porque o número de persoas beneficiarias previsto para maio do 2015 situábase en 320.000 persoas (sendo na realidade de só 55.886 persoas) e o gasto previsto movíase no furco que vai de 383-426 millóns de euros, cifra que resta na actualidade en 51 millóns de euros.

O certo é que os datos de partida para realizar as estimacións os garda sen compartilos cos sindicatos o goberno central: este é o que coñece o número de persoas inscritas nos servizos públicos de emprego con data 1 de decembro do 2014; cantas destas

persoas percibiran o Prepara ou esgotaron a RAI; cantos persoas teñen responsabilidades familiares e levan alomenos 6 meses sen prestacións e sen recibir unha renda social.

Crecen as denegacións para acceder a un programa que naceu insuficiente e resulta fallido no seu desenvolvemento. O ministerio recoñece 17.735 denegacións. Unha de cada cinco solicitudes denégase.

Este grupo parlamentario quere coñecer que datos proporcionou a Xunta ao ministerio para realizar as estimacións do PAE e cal é o impacto que está a ter no noso país.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a facer públicos todos os datos referidos ao Programa de Activación para o Emprego comunicados ao goberno central.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a reclamar ao goberno central unha rectificación no funcionamento do PAE de maneira que cumpra alomenos as previsións en número de beneficiarios sostidas polo goberno central no seu lanzamento.

En Compostela, a 14 de xullo do 2015, ducentésimo vixésimo sexto aniversario da toma da Bastilla.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/07/2015 11:45:37

Eva Solla Fernández na data 14/07/2015 11:45:43



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Cosme Pombo Rodríguez** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, referida á sentenza do TSXG decretando a nulidade do decreto 49/2013 sobre a transformación do IES As Mercedes (Lugo) nun CIFP.

O 21 de marzo de 2013 o Consello da Xunta deu o visto e praxe á reconversión do IES As Mercedes de Lugo nun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP).

O Grupo Parlamentar do BNG naquel intre presentou unha proposición non de lei denunciando as consecuencias da conversión do IES “As Mercedes” nun CIFP, por entender que serían moi negativas para o ensino público e provocarían un grave quebranto na estrutura educativa do Concello de Lugo:

1º.- Porque xa provocara a dimisión de toda a equipa directiva do Centro por estar en total desacordo coa decisión da Xunta.

2º.- Porque a decisión sería moi negativa para o alumnado dado que moit@alumn@s de Secundaria e Bacharelato deste centro viñan recibindo unha atención personalizada que posibilitou a consecución dunha titulación que non sería posíbel en aulas masificadas ou carentes dos apoios orientativos necesarios.

3º.- Porque unha ampla zona de Lugo, que está medrando con forza (zona Sur) quedaría sen centro público referente de BAC e ESO; polo que, o alumnado, veríase na obriga de desprazarse a centros máis distantes e máis masificados.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Porque os niveis de calidade e integración do IES As Mercedes (centro referencial a nivel de Galiza e do Estado) desaparecerían por unha decisión errónea que acababa de tomar a Xunta de Caliza.

5º.- Porque o profesorado do centro veríase reducido, desprazado, e sen opción de participar nun concurso de traslados.

6º.- Porque o proxecto educativo do Centro (proxecto positivo, integrador, innovador e con varios premios que así o acreditan) desbotaríase sen o máis mínimo dialogo coa comunidade educativa.

Naquela altura o Grupo Parlamentar do BNG tamén denunciou a actitude da Xunta que tomou a decisión: sen estudar o impacto negativo para o ensino público da cidade de Lugo, sen motivación e planificación e que resultaba totalmente irrespetuosa coa comunidade educativa, ao non consultarlle decisións que afectarán o futuro do Instituto de Ensino Secundario das Mercedes.

Naquela altura o Grupo Parlamentar do BNG reclamou do Parlamento “instar ao Goberno galego a paralizar o proceso de conversión do IES As Mercedes nun centro integrado de formación profesional. E a que en todo caso, se negociase calquera modificación ou reconversión que afectase ao centro de secundaria coa respectiva comunidade educativa, equipa directiva, xefes de departamento, Consello escolar e Mesa Sectorial de Educación.”

Lamentabelmente, o PP apostou por apoiar á Xunta, apostou por dismantelar o IES As Mercedes (un centro referente a nivel estatal polo seu funcionamento e polo seu modelo de integración de toda a comunidade educativa) e reconvertelo nun CIFP.

A transformación do IES As Mercedes nun centro integrado de formación profesional (CIFP) foi criticado pola comunidade educativa, pola sociedade Luguesa (que se manifestou en varias ocasións e que recolleu 10.000 sinaturas reclamando



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

manter o IES das Mercedes) e tamén pola “Plataforma pola defensa do IES As Mercedes”, polo Concello de Lugo e pola Deputación Provincial que manifestaron o seu desacordo coa transformación do IES As Mercedes nun CIFP, sen un estudio serio e rigoroso que motivase tal decisión.

A Plataforma pola defensa do IES As Mercedes, presentou un recurso contencioso-administrativo contra o decreto 49/2013 sobre “a Creación e transformación de Institutos de Educación Secundaria da Comunidade Autónoma de Galiza” fundamentado en que:

O Decreto 49/2013 non motivaba a transformación do IES As Mercedes, polo que se trataba dunha decisión arbitraria. O IES As Mercedes resultaba necesario para o ensino público da cidade de Lugo. Omitíanse informes preceptivos para poder transformar o IES.

O TSXG, o 30 de xuño de 2015, estimou en parte o recurso contra a transformación do IES As Mercedes nun Centro Integrado de Formación Profesional, decretando “a **nulidade do decreto 49/2013** (transformación do IES As Mercedes nun CIFP) **por ausencia da necesaria motivación**”.

O Grupo Parlamentar do BNG lamenta que o TSXG condene á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola súa actitude “arbitraria e inxustificada”, tamén lamenta a actitude totalmente irrespectuosa da consellería, que non foi quen de escoitar á Comunidade educativa do centro, á cidadanía Lucense e á Plataforma en defensa do IES As Mercedes en todo o proceso de transformación do centro.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria debe asumir responsabilidades políticas pola súa decisión inxusta e arbitraria de transformar o IES As Mercedes de Lugo nun CIFP.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Tomar todas as medidas necesarias para que no centro das Mercedes (Lugo) se poidan reincorporar os estudos de Secundaria e Bacharelato, que se deixaron de impartir cando o IES foi transformado nun CIFP.

Asumir as responsabilidades políticas diante da inxusta e arbitraria decisión de transformar o IES As Mercedes nun CIFP, por medio da dimisión dos/as responsábeis desta toma de decisión.”

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 14/07/2015 13:08:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Monserrat Prado Cores na data 14/07/2015 13:08:58

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/07/2015 13:09:00

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As confrarías das rías de Arousa e Pontevedra levan anos sufrindo problemas moi similares sempre ligados á contaminación, á falta de saneamento nas rías e á pouca implicación por parte do Goberno galego do Partido Popular.

Os datos falan por si solos, e calquera indicador dos que podamos consultar nos vai referir á situación na que se atopan as persoas profesionais do marisqueo nestas dúas rías.

Se falamos de días traballados poderemos comprobar como en moitos casos se chega a reducir en preto do 60 % o número de días propostos para traballo nos plans de explotación cos días realmente traballados.

Se decidimos consultar os niveis de produción poderemos observar tamén como ten diminuído de xeito alarmante nos últimos anos, ao igual que os niveis de ingresos.

O Goberno galego fala continuamente de dinamizar e profesionalizar o sector, pero o único que está a conseguir é precarizar os empregos no mar.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que é preciso deter a sangría que está a sufrir o sector marisqueiro en moitas confrarías destas dúas rías polo que presentamos a seguinte proposición non de lei.

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Poñer en marcha un plan integral de saneamento destas dúas rías que sirva para eliminar todos os puntos de vertidos incontrolados.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) Realizar todos os traballos de rexeneración comprometidos nas zonas de libre marisqueo de ámbalas dúas rías.

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 13:48:32

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 13:48:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/07/2015 13:48:48

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 13:48:59

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 13:49:20

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A importancia do sector do mexillón no noso país está fóra de toda discusión, un sector punteiro e referente a nivel mundial na produción deste bivalvo, tanto en volume como en calidade.

Un produto que está sometido a grandes controis diarios, un produto certificado e que conta con todas as garantías sanitarias, pero que nos últimos anos non está a ter toda a atención que merece por parte do Goberno galego.

Atrás quedan xa os anos 2013 e 2014, sen lugar a dúbidas anos malos para o sector por diferentes razóns, pero principalmente polo elevado número de días que os polígonos bateiros de todo o país tiveron que ficar pechados pola proliferación de toxinas.

As mareas vermellas están a ser nos últimos tempos un dos cabalos de batalla do sector mexilloeiro polas importantes perdas que lle xeran durante o ano.

Tanto é así que o propio sector está poñendo recursos económicos para tratar de mellorar e buscar solucións e alternativas que podan paliar as perdas e que mesmo podan supoñer algún cambio normativo.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno galego ten ferramentas e medios económicos para tratar de buscar as causas e as razóns do aumento da proliferación de microalgas tóxicas nas nosas rías, e mesmo ten tamén a obriga de facelo, por todo isto presentamos a seguinte proposición non de lei.

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Poñer en marcha todas as medidas precisas encamiñadas a buscar as causas da forte proliferación de mareas vermellas nas nosas rías, e a realizar un novo estudio sobre a inxesta de mexillón que permita saber con exactitude que cantidades poden afectar de xeito decisivo ás persoas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 14:12:50

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 14:13:06

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 14:13:16

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA) a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

O Ministerio de Fomento ven de rematar a exposición pública do proxecto para dotar de beirarrúas a varios tramos da N-555 que une Redondela co aeroporto de Vigo.

Este proxecto é tildado polos veciños como insuficiente para dotar da seguridade viaria, que levan anos demandando, o conxunto da estrada, pola insuficiencia dos tramos que se acometen así como polo estreito das beirarrúas nalgúns dos tramos onde se vai acometer a obra.

Esta estrada sofre un elevadísimo tráfico de vehículos pesados, o que unido a ser a única alternativa para varios lugares de conexión co casco urbán de Redondela, fai que os numerosos peóns que a usa teñan que convivir cun intenso tráfico pesado e a altas velocidades.

A distancia coa que Fomento observa estes problemas fai que en moitos casos se demoren as solucións facendo imposible incluso o diálogo entre o ente responsable da estrada e os afectados.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a :

Primeiro.– Solicitar do Ministerio de Fomento que se acepten as demandas veciñais nas obras de mellora da N-555 ó respecto do incremento de tramos de beirarrúas e o ancho das mesmas.

Segundo.- Que unha vez acometidas e solucionados os problemas de seguridade viaria se solicite do Ministerio de Fomento o traslado da titularidade da citada estrada a Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/07/2015 11:05:28

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/07/2015 11:05:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao anuncio de supresión dos exames teóricos para obtención do permiso de conducir na comarca de Valdeorras.

No día de hoxe transcendeu a información de que a Dirección Xeral de Tráfico decidiu suprimir as probas do exame teórico para a obtención do permiso de conducir, entre outras, na comarca de Valdeorras. Segundo esta información, a partir do mes de agosto todas as persoas deberán trasladarse á cidade de Ourense para realizaren ditas probas.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante un novo e inxustificado desmantelamento de servizos na comarca de Valdeorras, que conta con importantes núcleos de poboación. As razóns aducidas pola Dirección Xeral de Tráfico vinculadas coa necesidade de “unificación de exames en todas as sedes” non se sosteñen de ningunha maneira e menos cos medios tecnolóxicos existentes na actualidade.

Ao noso xuízo esta medida non obedece a ningún criterio operativo de mellora dos servizos aos veciños e veciñas da comarca de Valdeorras, pola contra parece guiarse por un criterio ideolóxico orientado a desmantelar as comarcas trasladando todos os servizos ás capitais de provincia.

Neste caso, ademais, estamos ante unha medida manifestamente inxusta xa que para as persoas desta comarca que terán que facer desprazamentos, en moitos casos de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis de 110 quilómetros, para realizar estas probas, na práctica estánselles impoñendo uns custes moi superiores para a obtención do permiso de conducir.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante un decisión por parte da administración central, igual que moitas outras, que ou ben están guiadas polo descoñecemento da nosa realidade social e demográfica ou por unha estratexia premeditada de desmantelamento do que queda de servizos e de vida no rural do noso país.

Ante esta situación este Grupo Parlamentar considera que o Goberno Galego non pode ficar impasíbel e que debe realizar unha actuación decidida para evitar un novo agravio e discriminación que para os e as veciñas da comarca de Valdeorras supón esta nova supresión de servizos. É pois, necesaria unha actuación decidida por parte do Goberno Galego para evitar esta nova desfeita poñendo todos os medios institucionais e políticos para que se manteñan, nas distintas comarcas afectadas, e por suposto tamén na de Valdeorras este servizo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a rexeitar expresamente a medida anunciada pola Dirección Xeral de Tráfico de suprimir os exames teóricos para a obtención do permiso de conducir na comarca de Valdeorras e a realizar todos as xestións conducentes a garantir se sigan realizando no Barco de Valdeorras e que as persoas destas comarca non teñan que desprazarse máis de 110 quilómetros, a Ourense, para a realización de ditas probas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Francisco X. Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 16/07/2015 11:16:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/07/2015 11:16:28

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno** relativa á oferta formativa de FP no CIFP Portovello de Ourense para o curso 2015-2016 .

A Orde do 11 de xuño de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de FP, nos centros públicos da Galicia no curso 2015/2016, suprimindo do CIFP Portovello de Ourense o Ciclo Superior de Educación Infantil e o Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de Dependencia.

Agora, o alumnado interesado nestes estudos, só poderá formalizar a matrícula na modalidade a distancia.

Os estudos eliminados atópanse completamente consolidados no Ciclo superior de educación infantil, e en vías de consolidación no ciclo de atención a persoas en situación de dependencia, mantendo unha ampla taxa de matrícula e acadando un alto índice de empregabilidade. Máis do 90% destes alumnos matriculados en cursos anteriores traballan actualmente.

A continuación ou remate pola opción a distancia dos ciclos eliminados, non é axeitada para o perfil xeral do alumnado. Maioritariamente son xente con responsabilidades familiares ou laborais, e con escasas competencias e recursos en materia informática. Máis dunha cuarta parte dos alumnos/as



carecen de ordenador na súa casa ou liña de internet, e con pouca formación sobre cuestións informáticas.

A eliminación da oferta presencial de persoas adultas dalgúns dos estudos que se imparten no CIFP Portovello, fará que a provincia de Ourense sexa a única galega que non disporá dunha oferta completa das tres modalidades de FP (ordinaria, persoas adultas presencial e persoas adultas a distancia) nos ciclos formativos de Atención a persoas en situación de dependencia e educación infantil.


A política do actual Goberno da Xunta de Galicia, relega unha vez máis a Ourense, abondando no desequilibrio territorial sempre negativo para esta Provincia.

Polas razóns anteriormente expostas, e considerando que non existen razóns que xustifiquen a redución da oferta modular de persoas adultas no CIFP Portovello de Ourense, a deputada Carmen Iglesias Sueiro formula a seguinte **Proposición Non de Lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a garantir a oferta completa no réxime presencial de persoas adultas do CIFP Portovello de Ourense, nos ciclos formativos de Educación infantil, Atención a persoas en situación de dependencia e Administración e finanzas, mantendo ou aumentando o número de prazas no vindeiro curso 2015-2016”

Pazo do Parlamento a xoves, 16 de xullo de 2015

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2015 12:15
Nº Rexistro: 38907
Data envío: 16/07/2015 12:15:10.380

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 16/07/2015 12:14:47



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**) a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para debate en **Pleno**, relacionada coa cobertura de vacacións do persoal do SERGAS durante os meses de verán así coma do peche de camas nos centros hospitalarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No verán é xa unha costume que a Consellería de Sanidade leve a cabo peches de camas nos hospitais da rede pública, algo realmente incomprensible cando non se están a tomar medidas para atallar as listas de espera cirúrxicas ou cando existen antecedentes abondo de colapsos nas urxencias por falla de camas dispoñibles. Son moitas tamén as consultas que pechan durante o tempo que os/as profesionais responsables desfrutan das súas vacacións, incluídas en atención primaria, o que se traduce nunha lista de espera non declarada.

No caso dos servizos hospitalarios, tampouco queda claro o criterio seguido para os peches, que semella máis ben aleatorio ou alomenos non dependente de criterio clínico, social e sanitario.

Estes peches, coma AGE xa ten denunciado, teñen coma finalidade a non cobertura dos permisos vacacionais de grande parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións. Polo tanto, inciden no paro que xa sofren de base as e os profesionais sanitarios eventuais e na perda de dereitos laborais de aquelas e aqueles con praza en propiedade, ao seren obrigadas e obrigados en moitos casos a cubrir ausencias de outras persoas.

Esta situación agrávase cada ano, xa que dende a entrada do Partido Popular na xestión do Goberno, vense producindo un incremento anual do número de camas pechadas nos meses de verán. Por outra banda resulta inadmisíbel a negativa por parte do goberno a

facilitar datos relativos a esta situación ás deputadas e deputados da Cámara. O pasado ano AGE xa solicitou sen éxito os datos sobre os permisos cubertos con persoal eventual. O ocultamento de estes datos por parte da Xunta ao Parlamento galego e secundariamente ás galegas e galegos resulta un asunto moi grave incompatible coa defensa da democracia.

Dados estes antecedentes, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Informar ao propio Parlamento do número de camas que van ser pechadas en xuño, xullo, agosto e setembro en cada hospital da rede pública; así coma dos diferentes servizos nos que se realiza o peche e os criterios seguidos para a decisión.
- 2.- Informar ao Parlamento do número de profesionais que disfrutan as vacacións en cada categoría nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para cada EOXI; así coma de cantas de estas van ser cubertas con persoal eventual e os criterios seguidos para a decisión.
- 3.- Non pechar camas nos hospitais galegos nin consultas de AP e AE namentras exista lista de espera ou/e demanda asistencial dos servizos.
- 4.- Cubrir as vacacións do persoal fixo dos servizos con persoal eventual.

Compostela, 16 de xullo de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/07/2015 13:44:24

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/07/2015 13:44:33

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Aínda que en Galicia os datos cuantitativos sobre condutas contrarias á convivencia escolar non son alarmantes, o Grupo Parlamentario Popular comparte coa Xunta a necesidade de afondar desde o eido educativo na prevención e loita ante situacións conflictivas entre membros da comunidade educativa, con especial atención á protección do noso alumnado.

Nos últimos anos, o compromiso do Goberno galego a prol da mellora da convivencia nas aulas materializouse a través de distintas medidas e actuacións, que van desde a sensibilización, a orientación e asesoramento, pasando pola elaboración de diverso material de apoio.

Cabe salientar o traballo normativo realizado, a través da aprobación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da comunidade educativa, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Ao amparo deste marco, a Xunta de Galicia definiu a mediados do pasado mes de abril unha 'Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020', coa que seguir innovado e dotando á comunidade educativa galega de elementos que contribúan garantir un bo clima nas aulas da nosa comunidade.

No Grupo Parlamentario Popular saudamos estas iniciativas porque somos conscientes de que a convivencia é un factor imprescindible para a mellora da calidade educativa, para garantir o éxito escolar e para facilitar o labor docente.

A pesar de todos os esforzos que se poidan levar a cabo en materia de convivencia escolar, tanto na prevención como na resolución pacífica de conflitos, por veces xorden nos centros educativos comportamentos, situacións ou actos contrarios ás normas de convivencia que hai que abordar e xestionar.

Queremos contribuír ao traballo que está a desenvolver a Consellería e cremos que o camiño a seguir pasa por axudar e asesorar ás comunidades educativas a abordar as condutas conflictivas e que poidan facelo con garantías administrativas e xurídicas.

Por todo o exposto,o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a facilitar asesoramento e pautas que sirvan para que as comunidades educativas estean en mellores condicións de afrontar situacións ou condutas contrarias á convivencia nas aulas.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/07/2015 13:57:59

Hipólito Fariñas Sobrino na data 09/07/2015 13:58:07

Agustín Baamonde Díaz na data 09/07/2015 13:58:15

Javier Dorado Soto na data 09/07/2015 13:58:25

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Jesus Goldar Guimil na data 09/07/2015 13:58:34

Antonio Mouriño Villar na data 09/07/2015 13:58:44

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 09/07/2015 13:58:52

Marisol Diaz Mouteira na data 09/07/2015 13:58:55

Ramón Santos Pérez na data 09/07/2015 13:59:03

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Aínda que en Galicia os datos cuantitativos sobre condutas contrarias á convivencia escolar non son alarmantes, o Grupo Parlamentario Popular comparte coa Xunta a necesidade de afondar desde o eido educativo na prevención e loita ante situacións conflictivas entre membros da comunidade educativa, con especial atención á protección do noso alumnado.

Nos últimos anos, o compromiso do Goberno galego a prol da mellora da convivencia nas aulas materializouse a través de distintas medidas e actuacións, que van desde a sensibilización, a orientación e asesoramento, pasando pola elaboración de diverso material de apoio.

Cabe salientar o traballo normativo realizado, a través da aprobación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da comunidade educativa, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Ao amparo deste marco, a Xunta de Galicia definiu a mediados do pasado mes de abril unha 'Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020', coa que seguir innovado e dotando á comunidade educativa galega de elementos que contribúan garantir un bo clima nas aulas da nosa comunidade.

No Grupo Parlamentario Popular saudamos estas iniciativas porque somos conscientes de que a convivencia é un factor imprescindible para a mellora da calidade educativa, para garantir o éxito escolar e para facilitar o labor docente.

Tamén somos conscientes de que na sociedade actual, co auxe das tecnoloxías, das redes sociais e dos servizos de mensaxería instantánea da Internet, aparecen novas situacións, as veces negativas, e xorden cambios nas relacións que afectan aos distintos membros da comunidade educativa no día a día dos centros educativos.

Faixe preciso ofrecer orientación e axudar a que alumnos/as, profesores/as e pais/nais para facer fronte ás novas realidades derivadas, por exemplo do uso de imaxes a través de redes sociais ou de mensaxería instantánea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a informar e orientar ás comunidades educativas na prevención, conciliación e mediación en materia de uso das TIC, a fin de evitar situacións de acoso ou mal uso das redes sociais por parte do alumando galego e minimizar situacións de negativas da súa imaxe nos medios audiovisuais e en internet.”

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/07/2015 14:01:27

Hipólito Fariñas Sobrino na data 09/07/2015 14:01:36

Agustín Baamonde Díaz na data 09/07/2015 14:01:48

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Javier Dorado Soto na data 09/07/2015 14:01:55

Jesus Goldar Guimil na data 09/07/2015 14:02:02

Antonio Mouriño Villar na data 09/07/2015 14:02:10

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 09/07/2015 14:02:17

Marisol Diaz Mouteira na data 09/07/2015 14:02:20

Ramón Santos Pérez na data 09/07/2015 14:02:27

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Galicia foi pioneira, entre as Comunidades Autónomas de España, na implantación de sistemas de certificación forestal como o selo FSC (siglas en inglés do Consello de Administración Forestal).

O certificado FSC é o resultado dun proceso de avaliación ao que se somete de forma voluntaria un monte, realizado por unha terceira parte independente (entidade certificadora), que garante as boas prácticas na xestión e recoñece e outorga relevancia no mercado, aos produtos que se obteñen deles.

O feito de dispoñer dos mecanismos que permitan a certificación dos nosos bosques é, sen ningún tipo de dúbida, un importante paso adiante. De feito, constitúe toda unha ferramenta de futuro capaz de aumentar a competitividade nos mercados internacionais e pode servir de polo de atracción ante o contexto xeral de crise.

A madeira certificada con instrumentos como a FSC identifica tamén a todos os seus derivados, tales como pasta, papel, mobles embalaxes, e permite que estes poidan chegar a vendarse cun prezo ata un 20% superior aos que non teñen este selo de calidade.

En termos relativos, Galicia é líder en España neste ámbito, pero aínda así só representa un 8% do chan forestal fronte, a outros países cos que competimos no mercado internacional como Finlandia cun 70% de árbores certificadas.

Cómpre lembrar tamén que a certificación forestal, require dalgúns elementos previos imprescindibles, por exemplo unha planificación técnica baseada en criterios de sostibilidade.

Son múltiples as vantaxes que se obteñen coa certificación forestal pero tamén os retos de que este tipo de instrumentos chegue a todos os ámbitos, en especial no monte galego, caracterizado por unha estrutura de terra con multitude de pequenos propietarios. Segundo os datos oficiais uns 670.000 galegos teñen parcelas forestais e o 97% da superficie arborada galega é propiedade privada.

Co obxectivo de impulsar as certificacións de montes sostibles en Galicia, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a:

- 1º.- Dar un apoio explícito á todas as iniciativas de certificación forestal dos nosos montes, acreditadas internacionalmente, a través do asesoramento aos propietarios (especialmente aos máis pequenos), así como a concesión das axudas necesarias, garantindo o apoio igualmente explícito á planificación forestal sostible.
- 2º.- Impulsar a obtención de certificacións forestais acreditadas internacionalmente, para os montes de titularidade pública dependentes das administracións locais, mediante a posta en marcha de liñas específicas da axudas.
- 3º.- Impulsar a obtención de certificacións forestais acreditadas internacionalmente para os montes de titularidade pública dependentes da Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/07/2015 13:25:03

José Manuel Balseiro Orol na data 10/07/2015 13:25:12

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Na política forestal da Xunta de Galicia, a planificación sostible foi sempre un elemento central da súa acción política. De tal xeito que desde o Goberno galego veñen impulsando distintas iniciativas normativas para conseguir precisamente este obxectivo.

O punto de partida lévanos á necesidade de realizar importantes esforzos neste ámbito xa que en Galicia, a primeira potencia forestal en España, só o 10% da superficie do monte está ordenado e só o 8% presenta certificados de xestión forestal sustentable.

Coa mirada posta no ano 2019, data límite a partir da cal non se permitirán aproveitamentos -incluídas cortas de madeira para uso comercial- a aqueles propietarios que non posúan un instrumentos de ordenación ou xestión forestal, é preciso establecer mecanismos que premien a aqueles que se está dotando ou xa se dotaron destas ferramentas.

Entre outras medidas, para conseguir unha xestión verdadeiramente baseada na sostibilidade dos montes galegos, é imprescindible realizar unha discriminación positiva á hora de acceder ás axudas a favor daqueles que dispoñan do instrumento correspondente.

Unha discriminación positiva que, con toda seguridade, dará bos resultados, posto que permitirá ir introducindo a cultura da planificación entre os propietarios forestais e servirá como incentivo á hora de dispoñer destes instrumentos de xestión e ordenación baseados en criterios de sostibilidade.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a introducir nas ordes de convocatoria de axudas e subvencións relacionadas co ámbito forestal as ferramentas necesarias de discriminación positiva, se non están contempladas xa, en beneficio daqueles terreos forestais que contén cun instrumento de ordenación ou xestión forestal sustentable”.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/07/2015 13:26:29

José Manuel Balseiro Orol na data 10/07/2015 13:26:37

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O monte é unha realidade territorial complexa. Ademais da súa importancia económica e social, derivada do aproveitamento dos recursos forestais, ten tamén importantes funcións medio ambientais.

As masas arboradas desempeñan unha relevante tarefa na protección dos sistemas hidrolóxicos, e acollen numerosas e senlleiras mostras do patrimonio arqueolóxico ou cultural galego.

A maiores de todo isto, o solapamento da xestión forestal cos máis diversos aproveitamentos (agrogandeiros, mineiros e mesmo enerxéticos) é inherente á realidade territorial do monte galego.

En resume, hai unha conxunción de intereses de moi diversa índole, que dan mostra da complexidade da actividade forestal que, como calquera outra actividade económica, está sometida á normativa sectorial de aplicación e a outras que atinxen a diferentes aspectos territoriais, ambientais ou sociais (patrimonio, vertidos ou augas...).

Dos distintos permisos actuais, un so (o relativo á autorización de corta) depende do marco competencial da Consellería do Medio Rural e do Mar. Os restantes son propios das competencias doutros departamentos e administracións, a través dos que se busca garantir a protección e salvagarda de valores naturais, culturais ou outros.

A día de hoxe a Xunta de Galicia funciona como portelo único tramitando todas as solicitudes cando se trata da aprobación do instrumento de xestión do monte, unha avance significativo que simplifica os trámites.

Galicia conta cunha superficie forestal de máis de dous millóns de hectáreas, e a actividade forestal esta a ser desenvolvida por miles de silvicultores e centos de comunidades veciñais que venden madeira ao ano.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a elaborar un estudo e desenvolver as medidas que nel se establezan, para afondar na coordinación entre os distintos departamentos da Administración autonómica e desta co Estado, de tal xeito que se permita simplificar os trámites, o réxime de permisos e autorizacións, e favoreza a competitividade dos traballos de aproveitamento madeireiro dos montes galegos”.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/07/2015 13:27:38

José Manuel Balseiro Orol na data 10/07/2015 13:27:46

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Carmen Gallego Calvar, José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A falla de dilixencia do Goberno de Galicia na execución orzamentaria e na implementación de fondos propios que cofinancien os fondos europeos, está poñendo en risco multitude de infraestruturas que o Goberno de Núñez Feijoo mantén paralizadas a día de hoxe, ao tempo que pode supor a perda destes recursos económicos que se habían negociado para Galicia co obxectivo da converxencia.

En numerosas ocasións o Grupo Socialista ten denunciado esta situación en termos globais, á vista dos datos da execución orzamentaria e tamén con casos concretos en determinadas infraestruturas que axudarían a vertebrar o territorio e a gañar avantaxes competitivas.

Unha delas, neste caso na comarca de O Baixo Miño, é a Vía de Alta Capacidade Tui - A Guarda, tramo I, que está literalmente paralizada dende hai anos como vimos denunciando reiteradamente dende o Grupo Socialista a través de iniciativas parlamentarias, propostas de resolución no debate do Estado da Autonomía e emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia.

A pesar da súa adxudicación no ano 2011 e que en cada orzamento se "pintan sobre o papel" contías variables para a realización desta obra, a realidade é que só existen tramos con explanacións feitas para iniciar o seu trazado que levan anos abandonadas, con graves prexuízos para os concellos, viais municipais, canalizacións de augas, etc.

Moitos veciños e veciñas das parroquias e concellos afectados presentaron nestes anos denuncias que non obtiveron respostas a día de hoxe por parte

Grupo Parlamentario

do Goberno galego, e os graves danos causados continúan sen repararse e as obras non teñen visos de poñerse en marcha.

Os fondos adxudicados a esta infraestrutura, do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 teñen que rematar a súa xustificación en decembro deste ano ou caso contrario, Galicia perderá esas partidas que no caso desta obra acadaban o 65 % do seu importe.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a iniciar de inmediato as obras da Vía de Alta Capacidade Tui – A Guarda, tramo I, para aproveitar os fondos FEDER 2007-2013 que cofinanciaban esta infraestrutura.

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 10/07/2015 13:14:13

José Manuel Gallego Lomba na data 10/07/2015 13:14:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/07/2015 13:14:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/07/2015 13:14:29



Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 10/07/2015 13:14:34

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/07/2015 13:14:39

Noela Blanco Rodriguez na data 10/07/2015 13:14:45

Jose Luis Méndez Romeu na data 10/07/2015 13:14:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Consello da Xunta de Galicia celebrado con data de 9 de xullo de 2015, o goberno galego vén de aprobar a creación dun bono dotado con 150 euros mensuais, con duración de dous anos, destinado a familias en risco de desafiuzamento por non poderen facer fronte ao pagamento dos seus alugueiros.

Dita aprobación vén confirmar que solucionar o problema estrutural do incumprimento do dereito constitucional ao acceso á vivenda non é unha prioridade para o Goberno galego. Medidas paliativas e provisionais como a aprobada polo Consello da Xunta non pasarán de propaganda con nula eficacia á hora de arranxar o problema da vivenda no noso país.

Alén das súas orixes na obsesión franquista por incentivar a vivenda en propiedade, o modelo de desenvolvemento baseado na burbulla inmobiliaria, un modelo que o Partido Popular alentou e contribuíu a hinchar con lexislación propicia, está na raíz de que agora, en tempos de crise, o acceso á vivenda estea a provocar un auténtico drama social. A falta de implicación dos gobernos do Partido Popular tanto no estado español como no noso país, na elaboración de lexislación tendente a salvagardar o dereito á vivenda ten como resultado que aquí a porcentaxe de vivenda social en réxime de alugueiro sexa só do 1%. Isto contrasta coa media europea do 18% e, sobre todo, con porcentaxes coma o 57% no caso alemán, o 47% no caso holandés ou o 20% no Reino Unido.

A existencia dun parque público de vivendas sociais en réxime de alugueiro si contribuiría eficazmente a deter o drama dos desafiuzamentos, ademais de que impediría que os prezos no mercado xeral de alugueiro repercutisen á alza medidas de axuda directa como a aprobada polo Consello da Xunta.

A aposta pola vivenda entendida como dereito e non como negocio, tería ademais a virtude de encardinarse na necesidade xeralmente aceptada de procurar un novo modelo económico menos dependente da expansión ilimitada do parque de vivendas novas. Un modelo hoxe esgotado que nos conduciu a unha das peores crises sociais e a unhas taxas de paro e precariedade laboral insoportables.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de vivenda con vocación de resolver o problema estrutural da dificultade de acceso á vivenda. Este plan debe incluír unha aposta decidida pola vivenda social en réxime de alugueiro a través de parques públicos de vivenda destinada ao aluguer así como a posta en marcha doutras medidas coma o incentivo ás cooperativas de aluguer que permita que o noso país converxa coas porcentaxes dos países da Unión Europea.

Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2015

Asdo. Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 13/07/2015 10:26:02

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 16 de xuño do 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se actualiza a oferta modular dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional, para os centros de Galiza, de cara ao curso académico 2015/2016.

Nesta orde contéplase o peche de 3 ciclos formativos noutros tantos centros da provincia de Ourense.

No caso de Xinzo de Limia, péchase o Ciclo Medio de Xestión Administrativa que se está a impartir no I.E.S. Cidade de Antioquía, ou o equivalente á categoría profesional de Auxiliar Administrativa/o.

Non se entende como se pode pechar un ciclo como este dada a súa función transversal que cualifica para cursar estudos superiores ou para incorporarse ao mundo laboral.

A Xunta de Galiza afirma apostar pola Formación Profesional e, mesmo na orde anteriormente mencionada, no seu parágrafo 8, di textualmente: “A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presenta a oferta de ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas, de xeito parcial por módulos, consciente de que esta modalidade facilita a cualificación profesional,

xa que ofrece a posibilidade de abordar a realización dun ciclo formativo con máis flexibilidade, e permite dar resposta ás demandas que suscitan o mercado laboral e os colectivos específicos”. Porén, a realidade é que ano tras ano se están a pechar ciclos formativos, a pesar do incremento da demanda como consecuencia da alta taxa de desemprego.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a manter para o curso 2015/2016 e vindeiros a oferta de Ciclo Medio de Xestión Administrativa que se está a impartir no I.E.S. Cidade de Antioquía, garantindo o persoal e material necesarios para a súa impartición.”

Pazo do Parlamento a 13 de xullo de 2015

*Asdo.: Consuelo Martínez García
Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 13/07/2015 10:36:54



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión III**, relativa á Memoria sobre a situación económica e social de Galicia no 2014 aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia.

Exposición de motivos

A aprobación o día 6 de xullo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia por parte do Consello Económico e Social de Galicia pon a énfase na necesidade de ampliar as políticas públicas para contrarrestar as enormes desigualdades que acentou na sociedade galega a aplicación da ortodoxia neoliberal durante a galerna da recesión e da crise.

O amplo repaso que realiza a Memoria amosa varias pautas comúns: fragilidade da recuperación de certas variables básicas da economía, non repercusión desa melloría nas condicións materiais de vida da xente do común, e o atraso comparativo da nosa situación respecto á media estatal.

O leve crecemento galego quedou nun 0.4%, cifra que *“(...) non consegue impulsar a creación de emprego neto, reducíndose a poboación ocupada...”*. Moi significativo neste apartado é o dato de a formación bruta de capital fixo, investimento que crece 1,3% fronte o 3,4% da media estatal.

Outro chanzo clave da dramática regresión das clases traballadoras do país é a constatación que fai a Memoria do desigual reparto das cargas da crise, que levou a que os salarios perderan peso na participación na renda nacional quedando por baixo do excedente bruto de explotación, dos beneficios empresariais. A clase traballadora galega supón polo seu custe laboral a cuarta forza de traballo máis económica do Estado.

O reparto inxusto que fixo o goberno Núñez Feijóo foi de tal magnitude que obriga ao Consello a recomendar que se adiquen máis recursos orzamentarios para as partidas de sanidade, educación, protección e promoción social, outrosí de reclamar que non se deterioren máis as condicións de traballo do persoal do sector público so pretexto de melloras na eficiencia dos servizos públicos.

O informe pon de manifesto as insuficiencias do quefacer público da Xunta en políticas activas de conciliación familiar que contribúan no contexto de crise social a evitar a regresión demográfica galega.

A Xunta de Galicia colaborou na degradación do mercado laboral e así o Consello insta a adopción de medidas que superen a progresiva perda de poboación activa e a preocupante situación da mocidade galega e do colectivo de maiores de 45 anos no paro. Galicia rematou 2014 con menos poboación ocupada tanto a tempo completo como a tempo parcial que no 2013. Refire o informe tamén a necesidade de deseñar políticas que freen as desigualdades e que garantan a cobertura social dunha forza de traballo precarizada. Polarización e crecemento das desigualdades laborais marcan este capítulo adicado ao mercado de traballo.

Non menos severas son as necesidades e urxencias do tecido produtivo galego. O CES recoñece que persisten os atrancos para conquistar financiamento ás empresas e autónomos. Para desgranar urxencias e necesidades dos sectores produtivos, que caso da industria o levan a reclamar con urxencia medidas concretas que entre outras abaraten os prezos enerxéticos ou aumenten os recursos adicados a investigación e innovación, que caeron sen interrupción do 1,04% cando chegou Núñez Feijóo ao 0,86% do 2013. Mención expresa fai o informe da conveniencia de apoiar as políticas de rehabilitación e sustentabilidade enerxética así como a recualificación da man de obra que viñera traballando na construción.

En materia de calidade de vida e benestar social o CES formula tamén toda unha serie de recomendacións que atallen circunstancias tan graves como *“(...)a crecente problemática da pobreza infantil”,* o *“(...) déficit de cobertura por desemprego existente e o forte risco de exclusión social das persoas desempregadas”,* ou a prioridade para adoptar *“(...) todas as medidas necesarias para que as persoas que teñan recoñecido o dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia accedan á mesma, eliminando así a lista de espera existente.”* Incluso aféalle á Xunta a opacidade e os retrasos en materias tan sensibles como a tramitación e entrega da Risga, ou demanda sen ambaxes a *“creación de centros públicos para a atención a persoas con enfermidades mentais...”*.

Un apartado do informe non deixa de constatar a privación cultural derivada do impacto da crise na nosa sociedade, con mencións expresas a asistencia ao cinema e ás artes escénicas con carácter xeral. Datos derivados da aguda contracción que sufriu o gasto en cultura nos fogares.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que presente un plan de actuación para cumprir o conxunto de consideracións contidas na Memoria do CES 2014.

En Compostela, a 13 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/07/2015 12:47:26

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **José Manuel Balseiro Orol**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

As cidadás e cidadáns galegos teñen dereito a gozar dun medio ambiente saudable e ben coidado para desenvolver a súa vida nas mellores condicións posibles e legar así este patrimonio ás xeracións futuras.

A súa vez en Galicia, como primeira potencia forestal no conxunto de España, o monte representa un recurso de especial protección e grande importancia económica e social, derivada do aproveitamento da madeira e doutros recursos a el vinculado.

Para conseguir a garantía de ambos obxectivos son precisas políticas activas de educación e sensibilización ambiental así como dotarnos dun número suficiente de traballadoras e traballadores forestais ou ambientais que aseguren o cumprimento do mandato constitucional de protexer os valores naturais.

En moitos países da Unión Europea, os funcionarios encargados da vixilancia e protección medioambiental están regulados pola lexislación do resto de Corpos de Forzas e Seguridade Cidadá.

En España pola contra o marco normativo actual estaría máis vinculado ao procesual penal, en pleno proceso de modificación, polo que debe aproveitarse este trámite para aclarar as competencias e facultades dos axentes forestais e medio ambientais adscritos ás administracións autonómicas.

Como sabemos, estes colectivos teñen encomendadas, entre outras, o exercicio das funcións de policía administrativa forestal e ambiental, como son as funcións de velar polo cumprimento da normativa en materia forestal e de protección, xestión e conservación da natureza, investigando as causas e os presuntos autores das infraccións que se cometan nestes ámbitos e coa condición de axentes da autoridade.

Trátase en definitiva de aproveitar o actual cambio legal e a ausencia de regulación propia, para garantir un axeitado desempeño laboral dos colectivos de axentes forestais e medio ambientais, coa maior eficacia e eficiencia posible, en exercicio das súas funcións como traballadores públicos.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas oportunas para favorecer e garantir una axeitado desempeño laboral dos colectivos de axentes forestais e medio ambientais, coa maior eficacia e eficiencia posible, en exercicio das súas funcións.
2. Instar ao Goberno de España a que, no marco da modificación da Lexislación procesual penal e a súa normativa de desenvolvemento, permanezan os axentes forestais ou ambientais no desempeño das funcións que actualmente realizan de policía xudicial en sentido xenérico”.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/07/2015 13:44:29

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

José Manuel Balseiro Orol na data 13/07/2015 13:44:40

Á MESA DO PARLAMENTO:

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda , a iniciativa do deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A agricultura galega está moi pouco diversificada. Existe un predominio absoluto do sector lácteo cos riscos que isto leva consigo no contexto de crise que padecemos no que o peche de explotacións de leite suporía agravar máis o despoboamento e a desvertebración do medio rural.

Cada ano, Galiza ten unha balanza alimentaria negativa de 900-1000 millóns de euros. Unha parte importante é debida á alimentación animal, soia e millo importados, pero tamén se importan diariamente grandes cantidades de hortalizas e froitas, moitas das cales poderían ser producidas aquí.

Ao mesmo tempo, as terras con maior aptitude agronómica seguen a abandonarse ou se usan para incrementar o monocultivo de eucalipto.

Acadar o obxectivo de equilibrar esa balanza crearía miles de empregos no rural. Para iso, débense implementar plans sectoriais específicos para o fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica.

Por todo isto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de fomento da horticultura e a fruticultura, así como de agricultura ecolóxica. Este plan debe contar coas seguintes características:

- a) Acceso á terra mediante a xestión descentralizada do Banco de Terras e dotación de persoal nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) para dinamizar a mobilización das terras improdutivas.
- b) Investigación e asesoramento públicos. É imprescindible un estudo de variedades e técnicas de cultivo, así como o asesoramento e seguimento dos proxectos que se poñan en marcha. Ademais, é necesario contratar persoal para as OAC xa que moitos dos intentos da xente para iniciar un proxecto no agro acaban en fracaso por unha incorrecta formulación.
- c) Comercialización a través da potenciación de circuítos curtos, da creación de marcas de garantía galegas e ao asesoramento de profesionais na comercialización.
- d) Compra pública en colexios, hospitais ou centros da terceira idade. Introducir criterios como o da proximidade, ou dar prioridade a produtos galegos e/ou ecolóxicos no abastecemento deste tipo de centros públicos contribuiría a consolidar proxectos locais.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 14/07/2015 10:33:22

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Ricardo Vicente Docasar Docasar, Maria Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Nos últimos tempos, o Grupo Parlamentario Socialista denunciou sempre que tivo ocasión a política lingüística -e en concreto a política de aprendizaxe de linguas estranxeiras- levada a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aínda que temos que recoñecer que con escaso éxito pola cerrazón e a falta de sensibilidade dun goberno instalado confortablemente no “altar da súa maioría absolutista”.

Ninguén dubida que a aprendizaxe de idiomas se ten convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental, tanto para xente moza como para adulta, e ninguén dubida tampouco que a aprendizaxe de idiomas estranxeiros abre portas para o acceso ao esixente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir.

Esa posibilidade de formación está hoxe ao alcance de moita xente nas cidades, pero resulta moito máis complicada en pequenas vilas do noso rural, a pesar da existencia dese lugar de “peregrinación habitual ” existente nos Peares para todos os conselleiros de Educación do Sr. Feijoo.

Esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista busca ante todo reflexionar sobre ese plurilingüismo do que tanto lles gusta falar aos representantes do Partido Popular, pero busca facelo sen trampas e sen demagogia.

O Grupo Parlamentario Socialista ten dito moitas veces en sede parlamentaria que comparte a necesidade de potenciar o estudo de idiomas estranxeiros na nosa xuventude, aínda que cousa distinta é que coincidamos en como facelo...

Grupo Parlamentario

Temos dito tamén reiteradamente no que cambiar estadías en Inglaterra, Irlanda, EEUU ou Canadá por mini cursos dunha semana nos Peares non nos pareceu nunca a mellor opción para aprender inglés.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E temos dito tamén reiteradamente que non nos pareceu nunca a mellor opción cambiar estadías en países estranxeiros pola impartición en inglés, francés ou alemán dalgunhas materias por parte de profesorado non especialista, nin pensar que entregando uns listados de vocabulario en inglés, francés ou alemán nas materias de plástica, música ou educación física poderíamos estar potenciando en serio o estudo de linguas estranxeiras no noso país.

O Grupo Socialista apoiaría, polo contrario, medidas máis ambiciosas, medidas que facilitasen ao alumnado de familias medias e humildes estadías en países estranxeiros nos períodos vacacionais do estudantado, medidas que dotasen aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para poder impartir con garantías as clases de linguas estranxeiras ou medidas que facilitasen tamén ao profesorado de idiomas a formación continua necesaria para actualizar os seus coñecementos.

Entende este grupo parlamentario que este asunto merece un tratamento axeitado, e por iso presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Poñer en marcha unha política moderna, eficaz e rigorosa para fomentar en serio a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o estudiantado galego.

2º) Poñer en marcha unha política moderna, eficaz e rigorosa para fomentar en serio a formación do profesorado que imparte as linguas estranxeiras no noso país.

3º) Poñer en marcha unha política moderna, eficaz e rigorosa para que os centros educativos galegos contén coas condicións necesarias para implementar nas súas aulas a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/07/2015 11:13:33

María Concepción Burgo López na data 14/07/2015 11:13:44

Emilio Vázquez Blanco na data 14/07/2015 11:13:50

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 11:14:07

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas das súas deputadas e deputados, **Noela Blanco Rodríguez, Vicente Docasar Docasar, Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Como vén sendo unha constante nos últimos anos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, amparándose en políticas de aforro, e aproveitando a fin do período lectivo, estase a dirixir ás direccións dos centros de ensino da provincia de Ourense para comunicarlles a supresión de aulas, ciclos formativos, ou profesorado, sen tempo para planificar o curso que vén, e limitando a capacidade dos mesmos para buscar alternativas viables.

Estes retallos son especialmente intolerables no medio rural, pois estase deixando a moitos pobos e vilas sen servizos educativos básicos, suprimindo os recursos necesarios para ofrecer unha ensinanza pública de calidade, e garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación.

Ademais estas medidas teñen tamén efectos territoriais nefastos, pois afectará sobre todo aos centros situados en zonas sometidas a un grave proceso de despoboamento, contribuindo a agudizar esta situación. Estes feitos supoñen, polo tanto, unha deixación de funcións da Xunta de Galicia, pois as súas políticas están impedindo calquera posibilidade de fixar poboación no medio rural, obrigando aos que queiran formarse e insertarse no mercado laboral a facelo fóra de alí, transformando as vilas e aos pobos nun “deserto de oportunidades”.

Nesta ocasión a consellería castiga a comarca da Limia co seu intento de dismantelar o IES Cidade de Antioquía, que sofre dende hai anos retallos nos seus ciclos, eliminando o Ciclo Medio de Xestión Administrativa que ata o de agora se viña impartindo neste centro.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Este feito comunícase tarde, mal, e a rastro, pois o alumnado entérase deste retallo o día 16 de xuño, a través do DOG, cando o prazo de preinscripción comezaba o día seguinte, dando así as costas á comunidade educativa, e deixando en situación de desamparo ao alumnado que están a cursar esta titulación. Amosan tamén con estas medidas falta de interese pola formación e a inserción laboral das mulleres, que son a maioría das que cursan esta titulación, e as máis afectadas pola grave situación de desemprego na que se atopa esta comarca.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1 Garantir a presenza dos medios materiais, humanos, e formativos que garantan un ensino público de calidade na comarca da Limia.
- 2 A implantación de ciclos formativos adaptado ao tecido produtivo da comarca, e que contribúan a inserción laboral na mesma.

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2015

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Vicente Docasar Docasar
Concepción Burgo López
Emilio Vázquez Blanco
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 11:34:30

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/07/2015 11:34:38

María Concepción Burgo López na data 14/07/2015 11:34:46

Emilio Vázquez Blanco na data 14/07/2015 11:34:51



 [Grupo Parlamentario](#)

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 11:35:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súas deputadas e deputados **M^a Soledad Soneira Tajés, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Tódalas proxeccións demográficas amosan un futuro dramático para Galicia con perda de poboación e envellecemento acentuado. A esta realidade hai que engadirlle a crise de sectores produtivos esenciais para o mantemento de actividade e dinamismo no seu contorno e teremos un cadro que, de non poñerlle remedio, amosaranos un país con escasa presenza humana, e moi dependente, na maior parte do seu territorio, e escasa e moi precaria actividade agraria e forestal. Unha boa mostra diso é xa a provincia de Ourense que, froito desta evolución perversa, é a campioa nacional de incendios forestais.

A esta situación non se chegou de súpeto. A emigración histórica, o minifundismo, o atraso económico, o escaso aproveitamentos no país dos recursos financeiros procedentes da emigración para a súa modernización, e un longo etc. Que aínda hoxe se manteñen a pesar dos inxentes recursos de fondos europeos sementados ao longo de décadas como unha chuvia fina que cumpriu moi escasamente as expectativas de partida.

Froito de todo iso contamos cun número importante de lugares e vivendas abandonadas que, tendo posibilidades para ser rehabilitadas polos herdeiros dos que as habitaron durante xeracións, seguen sometidas ao deterioro do paso do tempo e da climatoloxía. As razóns son moitas: carestía da rehabilitación; dificultades legais, administrativas e loxísticas; falta de servizos básicos tales como rede de saneamento, enerxía, comunicacións, etc.

Grupo Parlamentario

A todo isto hai que engadir o importante número de propiedades proindivisas existentes en Galicia, que converte calquera proxecto ou emprendemento no medio rural que implique adquisición de terreos, nunha labor de titáns.

Hai, sen embargo, un número considerable de persoas que estarían dispostas a rehabilitar a vella casa dos seus antepasados, aínda que sexa como segunda residencia ou lugar de vacación, ou a acometer un proxecto económico aproveitando a base territorial herdada. Pero as dificultades, como xa se ten dito, son enormes e con custes moi superiores aos equivalentes no medio urbano, xa que teñen que acometer tódalas infraestruturas a súa consta.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Poñer en desenvolvemento as modificacións normativas e administrativas que faciliten a rehabilitación de vivendas tradicionais que se atopen abandonadas ou gravemente deterioradas, en lugares de forte regresión demográfica, para destinalas a residencia fixa ou temporal ou para a súa explotación económica.

Ditas modificacións deberán contemplar, cando menos:

a) Exencións que compensen a dotación de novos servizos básicos, en ámbitos tales, entre outros, como os da enerxía, o saneamento, ou as comunicacións.

b) Incentivos á creación de emprego e a promoción da actividade económica no contorno, directo e indirecto, tanto na fase construtiva como na posterior.

2.- Acometer as modificacións normativas que fosen necesarias no ámbito das competencias propias e demandar ao Estado ás modificacións lexislativas, co obxectivo de facilitar o acceso á propiedade nos casos de herdades proindivisas, terras de descoñecidos e

 Grupo Parlamentario

outros casos semellantes que dificultan a actividade económica e o emprendemento.

3.- Demandar ao Estado a modificar a lexislación que penaliza a produción de enerxías limpas para autoconsumo como instrumento fundamental para facilitar e fomentar a repoboación humana en zonas de difícil infraestrutura enerxética.

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 14/07/2015 11:31:21

Raúl Fernández Fernández na data 14/07/2015 11:31:31

José Antonio Sánchez Bugallo na data 14/07/2015 11:31:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/07/2015 11:31:45

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 11:31:50

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **M^a Soledad Soneira Tajés** e dos seus deputados **Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

Tódalas proxeccións demográficas amosan un futuro dramático para Galicia con perda de poboación e envellecemento acentuado. A esta realidade hai que engadirlle a crise de sectores produtivos esenciais para o mantemento de actividade e dinamismo no seu contorno e teremos un cadro que, de non poñerlle remedio, amosaranos un país con escasa presenza humana, e moi dependente, na maior parte do seu territorio, e escasa e moi precaria actividade agraria e forestal. Unha boa mostra diso é xa a provincia de Ourense que, froito desta evolución perversa, é a campioa nacional de incendios forestais.

A esta situación non se chegou de súpeto. A emigración histórica, o minifundismo, o atraso económico, o escaso aproveitamentos no país dos recursos financeiros procedentes da emigración para a súa modernización, e un longo etc. Que aínda hoxe se manteñen a pesar dos inxentes recursos de fondos europeos sementados ao longo de décadas como unha chuvia fina que cumpriu moi escasamente as expectativas de partida.

Froito de todo iso contamos cun número importante de lugares e vivendas abandonadas que, tendo posibilidades para ser rehabilitadas polos herdeiros dos que as habitaron durante xeracións, seguen sometidas ao deterioro do paso do tempo e da climatoloxía. As razóns son moitas: carestía da rehabilitación; dificultades legais, administrativas e loxísticas; falta de servizos básicos tales como rede de saneamento, enerxía, comunicacións, etc.

Grupo Parlamentario

A todo isto hai que engadir o importante número de propiedades proindivisas existentes en Galicia, que converte calquera proxecto ou emprendemento no medio rural que implique adquisición de terreos, nunha labor de titáns.

Hai, sen embargo, un número considerable de persoas que estarían dispostas a rehabilitar a vella casa dos seus antepasados, aínda que sexa como segunda residencia ou lugar de vacación, ou a acometer un proxecto económico aproveitando a base territorial herdada. Pero as dificultades, como xa se ten dito, son enormes e con custes moi superiores aos equivalentes no medio urbano, xa que teñen que acometer tódalas infraestruturas a súa consta.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Poñer en desenvolvemento as modificacións normativas e administrativas que faciliten a rehabilitación de vivendas tradicionais que se atopen abandonadas ou gravemente deterioradas, en lugares de forte regresión demográfica, para destinalas a residencia fixa ou temporal ou para a súa explotación económica.

Ditas modificacións deberán contemplar, cando menos:

a) Exencións que compensen a dotación de novos servizos básicos, en ámbitos tales, entre outros, como os da enerxía, o saneamento, ou as comunicacións.

b) Incentivos á creación de emprego e a promoción da actividade económica no contorno, directo e indirecto, tanto na fase construtiva como na posterior.

2.- Acometer as modificacións normativas que fosen necesarias no ámbito das competencias propias e demandar ao Estado ás modificacións lexislativas, co obxectivo de facilitar o acceso á propiedade nos casos de herdades proindivisas, terras de descoñecidos e

 Grupo Parlamentario

outros casos semellantes que dificultan a actividade económica e o emprendemento.

3.- Demandar ao Estado a modificar a lexislación que penaliza a produción de enerxías limpas para autoconsumo como instrumento fundamental para facilitar e fomentar a repoboación humana en zonas de difícil infraestrutura enerxética.

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés
Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 14/07/2015 11:26:31

Pablo García García na data 14/07/2015 11:26:40

Raúl Fernández Fernández na data 14/07/2015 11:26:51

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 11:27:03

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 11:32:28

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao través das deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión V**, relativa ao número de persoas beneficiadas polo Programa de Activación para o Emprego (PAE).

Exposición de motivos

Asinárase o 15 de decembro do 2014, o acordo estatal para desenvolver o Programa de Activación para o Emprego (PAE), acordo que nas verbas do presidente do goberno central permitiría arbitrar axudas especiais para conquistar a integración no mercado laboral a aproximadamente 450.000 persoas en situación de paro de longa duración e con responsabilidades familiares. Estimación que a ministra afirmou que nace dunha consulta coas comunidades autónomas.

Esta axuda de 426 euros durante seis meses alén da súa moi reducida contía partía xa coa eiva dunha previsión de cobertura de só 1 de cada tres persoas sen ingresos, no paro e con cargas familiares.

O 6 de marzo o consello de ministros aprobou un crédito extraordinario por importe de 850 millóns de euros para financiar este PAE no exercicio 2015.

As previsións enunciadas polo goberno están a resultar fallidas porque o número de persoas beneficiarias previsto para maio do 2015 situábase en 320.000 persoas (sendo na realidade de só 55.886 persoas) e o gasto previsto movíase no furco que vai de 383-426 millóns de euros, cifra que resta na actualidade en 51 millóns de euros.

O certo é que os datos de partida para realizar as estimacións os garda sen compartilos cos sindicatos o goberno central: este é o que coñece o número de persoas inscritas nos servizos públicos de emprego con data 1 de decembro do 2014; cantas destas

persoas percibiran o Prepara ou esgotaron a RAI; cantos persoas teñen responsabilidades familiares e levan alomenos 6 meses sen prestacións e sen recibir unha renda social.

Crecen as denegacións para acceder a un programa que naceu insuficiente e resulta fallido no seu desenvolvemento. O ministerio recoñece 17.735 denegacións. Unha de cada cinco solicitudes denégase.

Este grupo parlamentario quere coñecer que datos proporcionou a Xunta ao ministerio para realizar as estimacións do PAE e cal é o impacto que está a ter no noso país.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a facer públicos todos os datos referidos ao Programa de Activación para o Emprego comunicados ao goberno central.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a reclamar ao goberno central unha rectificación no funcionamento do PAE de maneira que cumpra alomenos as previsións en número de beneficiarios sostidas polo goberno central no seu lanzamento.

En Compostela, a 14 de xullo do 2015, ducentésimo vixésimo sexto aniversario da toma da Bastilla.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/07/2015 11:45:13

Eva Solla Fernández na data 14/07/2015 11:45:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Cosme Pombo Rodríguez** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, referida á sentenza do TSXG decretando a nulidade do decreto 49/2013 sobre a transformación do IES As Mercedes (Lugo) nun CIFP.

O 21 de marzo de 2013 o Consello da Xunta deu o visto e praxe á reconversión do IES As Mercedes de Lugo nun Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP).

O Grupo Parlamentar do BNG naquel intre presentou unha proposición non de lei denunciando as consecuencias da conversión do IES “As Mercedes” nun CIFP, por entender que serían moi negativas para o ensino público e provocarían un grave quebranto na estrutura educativa do Concello de Lugo:

1º.- Porque xa provocara a dimisión de toda a equipa directiva do Centro por estar en total desacordo coa decisión da Xunta.

2º.- Porque a decisión sería moi negativa para o alumnado dado que moit@salumn@s de Secundaria e Bacharelato deste centro viñan recibindo unha atención personalizada que posibilitou a consecución dunha titulación que non sería posíbel en aulas masificadas ou carentes dos apoios orientativos necesarios.

3º.- Porque unha ampla zona de Lugo, que está medrando con forza (zona Sur) quedaría sen centro público referente de BAC e ESO; polo que, o alumnado, veríase na obriga de desprazarse a centros máis distantes e máis masificados.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Porque os niveis de calidade e integración do IES As Mercedes (centro referencial a nivel de Galiza e do Estado) desaparecerían por unha decisión errónea que acababa de tomar a Xunta de Caliza.

5º.- Porque o profesorado do centro veríase reducido, desprazado, e sen opción de participar nun concurso de traslados.

6º.- Porque o proxecto educativo do Centro (proxecto positivo, integrador, innovador e con varios premios que así o acreditan) desbotaríase sen o máis mínimo dialogo coa comunidade educativa.

Naquela altura o Grupo Parlamentar do BNG tamén denunciou a actitude da Xunta que tomou a decisión: sen estudar o impacto negativo para o ensino público da cidade de Lugo, sen motivación e planificación e que resultaba totalmente irrespetuosa coa comunidade educativa, ao non consultarlle decisións que afectarán o futuro do Instituto de Ensino Secundario das Mercedes.

Naquela altura o Grupo Parlamentar do BNG reclamou do Parlamento “instar ao Goberno galego a paralizar o proceso de conversión do IES As Mercedes nun centro integrado de formación profesional. E a que en todo caso, se negociase calquera modificación ou reconversión que afectase ao centro de secundaria coa respectiva comunidade educativa, equipa directiva, xefes de departamento, Consello escolar e Mesa Sectorial de Educación.”

Lamentabelmente, o PP apostou por apoiar á Xunta, apostou por dismantelar o IES As Mercedes (un centro referente a nivel estatal polo seu funcionamento e polo seu modelo de integración de toda a comunidade educativa) e reconvertelo nun CIFP.

A transformación do IES As Mercedes nun centro integrado de formación profesional (CIFP) foi criticado pola comunidade educativa, pola sociedade Luguesa (que se manifestou en varias ocasións e que recolleu 10.000 sinaturas reclamando



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

manter o IES das Mercedes) e tamén pola “Plataforma pola defensa do IES As Mercedes”, polo Concello de Lugo e pola Deputación Provincial que manifestaron o seu desacordo coa transformación do IES As Mercedes nun CIFP, sen un estudio serio e rigoroso que motivase tal decisión.

A Plataforma pola defensa do IES As Mercedes, presentou un recurso contencioso-administrativo contra o decreto 49/2013 sobre “a Creación e transformación de Institutos de Educación Secundaria da Comunidade Autónoma de Galiza” fundamentado en que:

O Decreto 49/2013 non motivaba a transformación do IES As Mercedes, polo que se trataba dunha decisión arbitraria. O IES As Mercedes resultaba necesario para o ensino público da cidade de Lugo. Omitíanse informes preceptivos para poder transformar o IES.

O TSXG, o 30 de xuño de 2015, estimou en parte o recurso contra a transformación do IES As Mercedes nun Centro Integrado de Formación Profesional, decretando “a **nulidade do decreto 49/2013** (transformación do IES As Mercedes nun CIFP) **por ausencia da necesaria motivación**”.

O Grupo Parlamentar do BNG lamenta que o TSXG condene á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola súa actitude “arbitraria e inxustificada”, tamén lamenta a actitude totalmente irrespectuosa da consellería, que non foi quen de escoitar á Comunidade educativa do centro, á cidadanía Lucense e á Plataforma en defensa do IES As Mercedes en todo o proceso de transformación do centro.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria debe asumir responsabilidades políticas pola súa decisión inxusta e arbitraria de transformar o IES As Mercedes de Lugo nun CIFP.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Tomar todas as medidas necesarias para que no centro das Mercedes (Lugo) se poidan reincorporar os estudos de Secundaria e Bacharelato, que se deixaron de impartir cando o IES foi transformado nun CIFP.

Asumir as responsabilidades políticas diante da inxusta e arbitraria decisión de transformar o IES As Mercedes nun CIFP, por medio da dimisión dos/as responsábeis desta toma de decisión.”

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 14/07/2015 13:08:28



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Monserrat Prado Cores na data 14/07/2015 13:08:31

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/07/2015 13:08:34

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

As confrarías das rías de Arousa e Pontevedra levan anos sufrindo problemas moi similares sempre ligados á contaminación, á falta de saneamento nas rías e á pouca implicación por parte do Goberno galego do Partido Popular.

Os datos falan por si solos, e calquera indicador dos que podamos consultar nos vai referir á situación na que se atopan as persoas profesionais do marisqueo nestas dúas rías.

Se falamos de días traballados poderemos comprobar como en moitos casos se chega a reducir en preto do 60 % o número de días propostos para traballo nos plans de explotación cos días realmente traballados.

Se decidimos consultar os niveis de produción poderemos observar tamén como ten diminuído de xeito alarmante nos últimos anos, ao igual que os niveis de ingresos.

O Goberno galego fala continuamente de dinamizar e profesionalizar o sector, pero o único que está a conseguir é precarizar os empregos no mar.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que é preciso deter a sangría que está a sufrir o sector marisqueiro en moitas confrarías destas dúas rías polo que presentamos a seguinte proposición non de lei.

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Poñer en marcha un plan integral de saneamento destas dúas rías que sirva para eliminar todos os puntos de vertidos incontrolados.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2º) Realizar todos os traballos de rexeneración comprometidos nas zonas de libre marisqueo de ámbalas dúas rías.

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 13:49:47

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 13:49:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/07/2015 13:50:07

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 13:50:19

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A importancia do sector do mexillón no noso país está fóra de toda discusión, un sector punteiro e referente a nivel mundial na produción deste bivalvo, tanto en volume como en calidade.

Un produto que está sometido a grandes controis diarios, un produto certificado e que conta con todas as garantías sanitarias, pero que nos últimos anos non está a ter toda a atención que merece por parte do Goberno galego.

Atrás quedan xa os anos 2013 e 2014, sen lugar a dúbidas anos malos para o sector por diferentes razóns, pero principalmente polo elevado número de días que os polígonos bateiros de todo o país tiveron que ficar pechados pola proliferación de toxinas.

As mareas vermellas están a ser nos últimos tempos un dos cabalos de batalla do sector mexilloeiro polas importantes perdas que lle xeran durante o ano.

Tanto é así que o propio sector está poñendo recursos económicos para tratar de mellorar e buscar solucións e alternativas que podan paliar as perdas e que mesmo podan supoñer algún cambio normativo.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno galego ten ferramentas e medios económicos para tratar de buscar as causas e as razóns do aumento da proliferación de microalgas tóxicas nas nosas rías, e mesmo ten tamén a obriga de facelo, por todo isto presentamos a seguinte proposición non de lei.

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Poñer en marcha todas as medidas precisas encamiñadas a buscar as causas da forte proliferación de mareas vermellas nas nosas rías, e a realizar un novo estudio sobre a inxesta de mexillón que permita saber con exactitude que cantidades poden afectar de xeito decisivo ás persoas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 14:13:47

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 14:14:01

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 14:14:13

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 14:14:23

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas das súas deputadas **M^a Soledad Soneira Tajés e Beatriz Sestayo Doce** e do seu deputado **Vicente Docasar Docasar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Tódalas proxeccións demográficas amosan un futuro dramático para Galicia con perda de poboación e envellecemento acentuado. A esta realidade hai que engadirlle a crise de sectores produtivos esenciais para o mantemento de actividade e dinamismo no seu contorno e teremos un cadro que, de non poñerlle remedio, amosaranos un país con escasa presenza humana, e moi dependente, na maior parte do seu territorio, e escasa e moi precaria actividade agraria e forestal. Unha boa mostra diso é xa a provincia de Ourense que, froito desta evolución perversa, é a campioa nacional de incendios forestais.

A esta situación non se chegou de súpeto. A emigración histórica, o minifundismo, o atraso económico, o escaso aproveitamentos no país dos recursos financeiros procedentes da emigración para a súa modernización, e un longo etc. Que aínda hoxe se manteñen a pesar dos inxentes recursos de fondos europeos sementados ao longo de décadas como unha chuvia fina que cumpriu moi escasamente as expectativas de partida.

Froito de todo iso contamos cun número importante de lugares e vivendas abandonadas que, tendo posibilidades para ser rehabilitadas polos herdeiros dos que as habitaron durante xeracións, seguen sometidas ao deterioro do paso do tempo e da climatoloxía. As razóns son moitas: carestía da rehabilitación; dificultades legais, administrativas e loxísticas; falta de servizos básicos tales como rede de saneamento, enerxía, comunicacións, etc.

Grupo Parlamentario

A todo isto hai que engadir o importante número de propiedades proindivisas existentes en Galicia, que converte calquera proxecto ou emprendemento no medio rural que implique adquisición de terreos, nunha labor de titáns.

Hai, sen embargo, un número considerable de persoas que estarían dispostas a rehabilitar a vella casa dos seus antepasados, aínda que sexa como segunda residencia ou lugar de vacación, ou a acometer un proxecto económico aproveitando a base territorial herdada. Pero as dificultades, como xa se ten dito, son enormes e con custes moi superiores aos equivalentes no medio urbano, xa que teñen que acometer tódalas infraestruturas a súa consta.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Poñer en desenvolvemento as modificacións normativas e administrativas que faciliten a rehabilitación de vivendas tradicionais que se atopen abandonadas ou gravemente deterioradas, en lugares de forte regresión demográfica, para destinalas a residencia fixa ou temporal ou para a súa explotación económica.

Ditas modificacións deberán contemplar, cando menos:

a) Exencións que compensen a dotación de novos servizos básicos, en ámbitos tales, entre outros, como os da enerxía, o saneamento, ou as comunicacións.

b) Incentivos á creación de emprego e a promoción da actividade económica no contorno, directo e indirecto, tanto na fase construtiva como na posterior.

2.- Acometer as modificacións normativas que fosen necesarias no ámbito das competencias propias e demandar ao Estado ás modificacións lexislativas, co obxectivo de facilitar o acceso á propiedade nos casos de herdades proindivisas, terras de descoñecidos e

 Grupo Parlamentario

outros casos semellantes que dificultan a actividade económica e o emprendemento.

3.- Demandar ao Estado a modificar a lexislación que penaliza a produción de enerxías limpas para autoconsumo como instrumento fundamental para facilitar e fomentar a repoboación humana en zonas de difícil infraestrutura enerxética.

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2015

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés

Beatriz Sestayo Doce

Vicente Docasar Docasar

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 14/07/2015 14:15:28

Beatriz Sestayo Doce na data 14/07/2015 14:15:37

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/07/2015 14:15:44

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 14:15:55



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de Xabier Ron Fernández e Ramón Vázquez Díaz, e da súa voceira Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE EN COMISIÓN**, relativa ao incremento nos Orzamentos do 2016 da partida destinada ás axudas para a tradución do galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Informe publicado polo Observatorio do Consello da Cultura Galega con data do 14 de xullo de 2015 sobre *o libro e a edición en Galicia* achéganse datos preocupantes no tocante á tradución do galego, tanto como lingua de partida cara a outras linguas, como lingua de destino.

Dito Informe sinala unha tendencia á baixa de libros traducidos desde o galego cara a outras linguas, de tal maneira que se no ano 2007 o galego contara con 198 libros traducidos –o tope na serie de sete anos analizada- neste 2014 voltamos a baixar por debaixo dos 100, en concreto 93, chegando case ao tope inferior da serie marcado polo ano 2012, onde só se traduciran 89 libros. De feito, podemos dicir que nestes últimos tres anos (2012-2014) só se traduciron **286 libros**, cando antes, en só dous anos, 2010

e 2011, se traduciran **308 libros**. A serie iniciada nesta lexislatura é perigosa e pon en risco o coñecemento das achegas da nosa lingua cara a outros sistemas lingüísticos.

Se consideramos a lingua galega como lingua de destino do que se produce noutras linguas temos que destacar, de novo, a calamitosa cifra do último ano considerado na serie, o ano 2013, onde só se traduciron **188 libros**, mentres que no ano 2008, inicio da serie estatística do Informe, eran **472**. Se consideramos os anos 2012 e 2013, temos que só se traduciron **422 libros**, menos ca nun único ano, por exemplo, o 2011 en que se traduciron **560 libros**. Trátase dunha cifra, a do 2013, alarmante, xa que a carencia de traducións pon en risco o coñecemento de avances epistémicos e de tendencias de innovación en materia de investigación.

Por todo o indicado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei:

- **O Parlamento Galego insta á Xunta a incrementar de forma substancial nos Orzamentos do 2016 a partida destinada ás axudas á tradución da lingua galega en todos os seus apartados e tanto na súa consideración como lingua de partida como na de lingua de destino *para recuperar de forma significativa os indicadores de libros traducidos*.**

Compostela, 15 de xullo de 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/07/2015 10:48:00



Ramón Vázquez Díaz na data 15/07/2015 10:48:08

Yolanda Díaz Pérez na data 15/07/2015 10:48:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA) a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de Motivos:

O Ministerio de Fomento ven de rematar a exposición pública do proxecto para dotar de beirarrúas a varios tramos da N-555 que une Redondela co aeroporto de Vigo.

Este proxecto é tildado polos veciños como insuficiente para dotar da seguridade viaria, que levan anos demandando, o conxunto da estrada, pola insuficiencia dos tramos que se acometen así como polo estreito das beirarrúas nalgúns dos tramos onde se vai acometer a obra.

Esta estrada sofre un elevadísimo tráfico de vehículos pesados, o que unido a ser a única alternativa para varios lugares de conexión co casco urbán de Redondela, fai que os numerosos peóns que a usa teñan que convivir cun intenso tráfico pesado e a altas velocidades.

A distancia coa que Fomento observa estes problemas fai que en moitos casos se demoren as solucións facendo imposible incluso o diálogo entre o ente responsable da estrada e os afectados.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Comisión**.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a :

Primeiro.– Solicitar do Ministerio de Fomento que se acepten as demandas veciñais nas obras de mellora da N-555 ó respecto do incremento de tramos de beirarrúas e o ancho das mesmas.

Segundo.– Que unha vez acometidas e solucionados os problemas de seguridade viaria se solicite do Ministerio de Fomento o traslado da titularidade da citada estrada a Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/07/2015 11:03:21

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/07/2015 11:03:30



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en comisión**, relativa ao anuncio de supresión dos exames teóricos para obtención do permiso de conducir na comarca de Valdeorras.

No día de hoxe transcendeu a información de que a Dirección Xeral de Tráfico decidiu suprimir as probas do exame teórico para a obtención do permiso de conducir, entre outras, na comarca de Valdeorras. Segundo esta información, a partir do mes de agosto todas as persoas deberán trasladarse á cidade de Ourense para realizaren ditas probas.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante un novo e inxustificado desmantelamento de servizos na comarca de Valdeorras, que conta con importantes núcleos de poboación. As razóns aducidas pola Dirección Xeral de Tráfico vinculadas coa necesidade de “unificación de exames en todas as sedes” non se sosteñen de ningunha maneira e menos cos medios tecnolóxicos existentes na actualidade.

Ao noso xuízo esta medida non obedece a ningún criterio operativo de mellora dos servizos aos veciños e veciñas da comarca de Valdeorras, pola contra parece guiarse por un criterio ideolóxico orientado a desmantelar as comarcas trasladando todos os servizos ás capitais de provincia.

Neste caso, ademais, estamos ante unha medida manifestamente inxusta xa que para as persoas desta comarca que terán que facer desprazamentos, en moitos casos de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis de 110 quilómetros, para realizar estas probas, na práctica estánselles impoñendo uns custes moi superiores para a obtención do permiso de conducir.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante un decisión por parte da administración central, igual que moitas outras, que ou ben están guiadas polo descoñecemento da nosa realidade social e demográfica ou por unha estratexia premeditada de desmantelamento do que queda de servizos e de vida no rural do noso país.

Ante esta situación este Grupo Parlamentar considera que o Goberno Galego non pode ficar impasíbel e que debe realizar unha actuación decidida para evitar un novo agravio e discriminación que para os e as veciñas da comarca de Valdeorras supón esta nova supresión de servizos. É pois, necesaria unha actuación decidida por parte do Goberno Galego para evitar esta nova desfeita poñendo todos os medios institucionais e políticos para que se manteñan, nas distintas comarcas afectadas, e por suposto tamén na de Valdeorras este servizo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a rexeitar expresamente a medida anunciada pola Dirección Xeral de Tráfico de suprimir os exames teóricos para a obtención do permiso de conducir na comarca de Valdeorras e a realizar todos as xestións conducentes a garantir se sigan realizando no Barco de Valdeorras e que as persoas destas comarca non teñan que desprazarse máis de 110 quilómetros, a Ourense, para a realización de ditas probas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Francisco X. Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/07/2015 11:18:00

María Tereixa Paz Franco na data 16/07/2015 11:18:03

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa Deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª** Educación e Cultura, relativa á oferta formativa de FP no CIFP Portovello de Ourense para o curso 2015-2016 .

A Orde do 11 de xuño de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de FP, nos centros públicos da Galicia no curso 2015/2016, suprimindo do CIFP Portovello de Ourense o Ciclo Superior de Educación Infantil e o Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de Dependencia.

Agora, o alumnado interesado nestes estudos, só poderá formalizar a matrícula na modalidade a distancia.

Os estudos eliminados atópanse completamente consolidados no Ciclo superior de educación infantil, e en vías de consolidación no ciclo de atención a persoas en situación de dependencia, mantendo unha ampla taxa de matrícula e acadando un alto índice de empregabilidade. Máis do 90% destes alumnos matriculados en cursos anteriores traballan actualmente.

A continuación ou remate pola opción a distancia dos ciclos eliminados, non é axeitada para o perfil xeral do alumnado. Maioritariamente son xente con responsabilidades familiares ou laborais, e con escasas competencias e recursos en materia informática. Máis dunha cuarta parte dos alumnos/as



carecen de ordenador na súa casa ou liña de internet, e con pouca formación sobre cuestións informáticas.

A eliminación da oferta presencial de persoas adultas dalgúns dos estudos que se imparten no CIFP Portovello, fará que a provincia de Ourense sexa a única galega que non disporá dunha oferta completa das tres modalidades de FP (ordinaria, persoas adultas presencial e persoas adultas a distancia) nos ciclos formativos de Atención a persoas en situación de dependencia e educación infantil.


A política do actual Goberno da Xunta de Galicia, relega unha vez máis a Ourense, abondando no desequilibrio territorial sempre negativo para esta Provincia.

Polas razóns anteriormente expostas, e considerando que non existen razóns que xustifiquen a redución da oferta modular de persoas adultas no CIFP Portovello de Ourense, a deputada Carmen Iglesias Sueiro formula a seguinte **Proposición Non de Lei** para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a garantir a oferta completa no réxime presencial de persoas adultas do CIFP Portovello de Ourense, nos ciclos formativos de Educación infantil, Atención a persoas en situación de dependencia e Administración e finanzas, mantendo ou aumentando o número de prazas no vindeiro curso 2015-2016”

Pazo do Parlamento a xoves, 16 de xullo de 2015

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2015 12:09
Nº Rexistro: 38906
Data envío: 16/07/2015 12:09:50.163

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 16/07/2015 12:09:08



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os deputados e as deputadas abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan se proceda á tramitación da **comparecencia urxente en Pleno** do Sra. conselleira de **Sanidade**, para informar da ausencia da Xunta de Galicia na crise da auga de Ferrol.

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 20/07/2015 10:18:03

Carmen Gallego Calvar na data 20/07/2015 10:18:12

Juan Carlos González Santín na data 20/07/2015 10:18:18

Pablo García García na data 20/07/2015 10:18:25

María Soledad Soneira Tajés na data 20/07/2015 10:18:33

María Concepción Burgo López na data 20/07/2015 10:18:42

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/07/2015 10:18:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/07/2015 10:18:54

Raúl Fernández Fernández na data 20/07/2015 10:19:00

José Antonio Sánchez Bugallo na data 20/07/2015 10:19:07

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/07/2015 10:19:13

Beatriz Sestayo Doce na data 20/07/2015 10:19:23

José Manuel Gallego Lomba na data 20/07/2015 10:19:28

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/07/2015 10:19:34

Emilio Vázquez Blanco na data 20/07/2015 10:19:38



Grupo Parlamentario

José Ramón Val Alonso na data 20/07/2015 10:19:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/07/2015 10:19:49

Noela Blanco Rodriguez na data 20/07/2015 10:19:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os Grupos Parlamentares da Alternativa Galega de Esquerda (AGE) e Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos seus voceiros, ao abeiro do disposto nos artigos 144 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **SOLICITUDE DE COMPARENCIA URGENTE** en Pleno da Conselleira de Sanidade para dar explicacións sobre a situación do subministro de auga potable nos concellos de Ferrol, Narón, Fene, Mugardos e Ares.

En Compostela, a 17 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez Asdo. Francisco Xesús Jorquera Caselas

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/07/2015 12:19:28

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/07/2015 13:10:23

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e membros da Comisión 5.^a, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144, solicitan a esa Mesa a tramitación da **comparecencia urxente en Comisión 5.^a**, da **Sra. conselleira de Sanidade**, para informar da ausencia da Xunta de Galicia na crise da auga de Ferrol.

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2015

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 20/07/2015 10:17:01

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/07/2015 10:17:10

Carmen Gallego Calvar na data 20/07/2015 10:17:14

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/07/2015 10:17:19

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

Motivación da urxencia

A urxencia vén motivada pola situación alarmante que vive o rural galego.

A estas alturas xa non cabe dúbida algunha de que, de non poñer remedio, o despoboamento de Galicia vai camiño de acadar dimensións dramáticas, moi especialmente na Galicia Rural.

En tódolos estudos que se teñen publicado, as proxeccións demográficas acadan resultados que nos fan prever unha Galicia rural escasamente habitada, cunha deficiente e escasa actividade económica, cuns servizos cada vez máis vinculados á actividades de atención a persoas maiores e dependentes, e cun espazo físico abandonado que, periodicamente, pode ser pasto do lume. Os concellos do rural verán minguada a súa poboación e, polo tanto, os seus recursos co que carecerán de capacidade para a prestación de servizos e a realización de infraestruturas, polo que resultarán menos atractivos para vivir neles e, nunha roda perversa, fomentará aínda máis o éxodo cara as cabeceiras de comarca e cara as grandes vilas e cidades. Sen dúbida resulta, se non se remedia, un panorama desolador.

Este fenómeno ten raíces profundas: emigración secular da xente máis nova e máis emprendedores xa dende finais do século XIX ate os nosos días, intensificada nos últimos anos pola crise económica; dispersión e proliferación dos asentamentos humanos que fixeron imposible o mesmo ritmo de equipamentos que nos contornos urbanos, malas comunicacións, carencia de iniciativas empresariais que fixaran poboación nun contorno tan hostil polas graves carencias existentes no territorio (enerxía, telecomunicacións, etc...), man de obra pouco formada e envellecida, etc.

Grupo Parlamentario

E hai, tamén, obstáculos enormes que fan imposible, aínda que sexa de xeito conxuntural, emprendementos modestos que tenten devolver aos nosos municipios rurais unha parte de nova a vitalidade e do dinamismo.

Un bo exemplo é a cantidade enorme, pero sen cuantificar oficialmente, de herdades proindiviso existentes na Galicia rural e que abranguen a todo tipo de propiedades. Algúns dos propietarios teóricos formaron parte das primeiras emigracións históricas, outros deixan “a monte” unhas propiedades difíciles de localizar e sen valor aparente ou que a súa regularización supón un custo maior que o beneficio que teoricamente poden aportar, etc.

Cando algún ousado pretende rehabilitar a vivenda dos seus antepasados, nun ignoto lugar dunha ignota parroquia dun dos municipios do interior de Galicia, para destinala a segunda residencia, ou, se se terza, como alternativa onde pasar os seus días, atópase con todo un rosario de trabas legais, problemas urbanísticos, complexos trámites administrativos para solicitar magras subvencións que en demasiadas ocasións non chegan, toda sorte de gravames que non discriminan as circunstancias desta vivenda doutras construídas en distintas circunstancias e con outro nivel de equipamentos, falta de infraestruturas básicas (como a enerxía, auga e rede de sumidoiros), e outros impedimentos que o fan desistir do seu empeño. Todo isto se ten a sorte de que o inmovible que pretende rehabilitar non pertenza a ducias de persoas propietarias das que non se ten a mais mínima idea de onde moran ou si están vivos ou non. E que dicir das terras e dos montes? Pois o mesmo multiplicado por cen, xa que, comezando polo primeiro, incluso é dificultoso atopar fisicamente as propiedades herdadas.

A todo este cadro hai que engadir, na actualidade, varios factores novos que fan acentuar o fenómeno: crise de sectores estratéxicos primarios, graves problemática do sector produtor leiteiro, aumento importante da emigración e singularmente das mulleres, falta de políticas fiscais que incentiven a posta en produción das terras ou penalicen o abandono, carencia de políticas que poñan en valor o sector forestal, o leiteiro, e a produtividade dos montes veciñais en man común, a falla de servizos de todo tipo nos pequenos núcleos de poboación, etc.

 Grupo Parlamentario

Diante deste panorama non serven as grandes declaracións de principios, senón que é preciso abordar políticas integradas que faciliten a habitabilidade dos núcleos de poboación do rural, a súa reactivación económica e a súa posta en valor como un activo máis e non como unha sorte de desterro para maiores mentres todo se derruba ao seu redor.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Fóra das declaracións oficiais, que políticas concretas ten posto en marcha a Xunta de Galicia para a recuperación económica, demográfica e social dos concellos pequenos e medianos galegos, e moi concretamente os rurais?

2.ª) Pensa a Xunta de Galicia acometer plans plurianuais que incentiven a recuperación económica, social e demográfica destes concellos?

3.ª) Ten avaliado a Xunta de Galicia o número de propiedades proindivisas existentes na comunidade autónoma, a súa repercusión económica social e demográfica?

4.ª) Senón é así, pensa abordar este asunto en algún momento?

5.ª) Ten avaliado a Xunta de Galicia a repercusión económica, social e demográfica de incentivar a rehabilitación de vivendas tradicionais nos pequenos concellos, moi especialmente nos de carácter rural, como segunda residencia e captación de novos residentes?

6.ª) Senón é así, pensan abordar este asunto nalgún momento?

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 14/07/2015 10:30:00

Carmen Gallego Calvar na data 14/07/2015 10:30:10

Juan Carlos González Santín na data 14/07/2015 10:30:18

 Grupo Parlamentario

Pablo García García na data 14/07/2015 10:30:26

María Soledad Soneira Tajés na data 14/07/2015 10:30:33

María Concepción Burgo López na data 14/07/2015 10:30:40

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 14/07/2015 10:30:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/07/2015 10:30:53

Raúl Fernández Fernández na data 14/07/2015 10:30:58

José Antonio Sánchez Bugallo na data 14/07/2015 10:31:06

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/07/2015 10:31:15

Beatriz Sestayo Doce na data 14/07/2015 10:31:22

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 10:31:29

María del Carmen Acuña do Campo na data 14/07/2015 10:31:34

Emilio Vázquez Blanco na data 14/07/2015 10:31:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/07/2015 10:31:42

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 10:32:02

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 10:32:07

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A falla de dilixencia do Goberno de Galicia na execución orzamentaria e na implementación de fondos propios que cofinancien os fondos europeos, está poñendo en risco multitude de infraestruturas que o Goberno de Núñez Feijoo mantén paralizadas a día de hoxe, ao tempo que pode supor a perda destes recursos económicos que se habían negociado para Galicia co obxectivo da converxencia.

En numerosas ocasións o Grupo Socialista ten denunciado esta situación en termos globais, á vista dos datos da execución orzamentaria e tamén con casos concretos en determinadas infraestruturas que axudarían a vertebrar o territorio e a gañar avantaxes competitivas.

Unha delas, neste caso na comarca de O Baixo Miño, é a Vía de Alta Capacidade Tui - A Guarda, tramo I, que está literalmente paralizada dende hai anos como vimos denunciando reiteradamente dende o Grupo Socialista a través de iniciativas parlamentarias, propostas de resolución no debate do Estado da Autonomía e emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia.

A pesar da súa adxudicación no ano 2011 e que en cada orzamento se "pintan sobre o papel" contías variables para a realización desta obra, a realidade é que só existen tramos con explanacións feitas para iniciar o seu trazado que levan anos abandonadas, con graves prexuízos para os concellos, viais municipais, canalizacións de augas, etc.

Moitos veciños e veciñas das parroquias e concellos afectados presentaron nestes anos denuncias que non obtiveron respostas a día de hoxe por parte do Goberno galego, e os graves danos causados continúan sen repararse e as obras non teñen visos de poñerse en marcha.

Os fondos adxudicados a esta infraestrutura, do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 teñen que rematar a súa xustificación en

Grupo Parlamentario

decembro deste ano ou caso contrario, Galicia perderá esas partidas que no caso desta obra acadaban o 65 % do seu importe.

Por este motivo, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Ten avaliado o Goberno galego o impacto na economía de Galicia da probable perda destes fondos europeos pola non execución das infraestruturas previstas?
2. Cando ten previsto o Goberno de Galicia retomar a construción da VAC Tui - A Guarda?
3. Cales son as razóns da paralización desta infraestrutura?
4. Están en risco os fondos FEDER que preña investir o Goberno galego nesta infraestrutura?
5. Existe algunha planificación do Goberno galego para empregar estes fondos antes de que remate o ano 2015 nesta infraestrutura?

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 10/07/2015 13:09:03

José Manuel Gallego Lomba na data 10/07/2015 13:09:09



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/07/2015 13:09:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/07/2015 13:09:20

Raúl Fernández Fernández na data 10/07/2015 13:09:26

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/07/2015 13:09:32

Noela Blanco Rodriguez na data 10/07/2015 13:09:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

O Consello Económico e Social de Galicia, ven de presentar o seu informe sobre a a situación económica e social do país.

Na súa presentación os responsábeis do ente o do informe denuncian a falla de colaboración da Xunta e da Consellería de Traballo e Benestar a horas de facilitar a información en materia de pobreza e exclusión social que solicitaron. A propia directora do ente acusou á Consellería de falta de colaboración e non entregar a información solicitada.

Esta afirmación dos responsábeis do CES ven afondar unha denuncia habitual deste grupo, sobre a estanquidade do departamento que dirixe D^a Beatriz Mato, que ademais de demostrar a súa incapacidade para mudar a situación social do país, trata de ocultar de forma intencionada os datos que manexa o ente co único obxectivo de continuar co falso relato da recuperación económica para todos e todas que anuncia e cacarea o PP.

O informe salienta ademais o incremento da desigualdade en Galicia, a redución a poboación activa, e o espeluznante crecemento das familias que non perciben rendas do traballo, chegando a conclusión da necesidade de mudar, por parte do goberno, tanto os obxectivos como as estratexias e políticas económicas, xa que segundo o CES téñense amosado incapaces de mudar o drama social que está a vivir Galicia.

Por todo o exposto, o deputado do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

Cales son os motivos, si existen, polo que a consellería non ten entregado a información solicitada ao CES?

Que estratexias e políticas en materia de emprego e benestar ten previsto mudar o Goberno para superar a situación denunciada polo CES?

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2015.

Asdo: Juan Manuel Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/07/2015 10:20:36

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, relativa á Memoria sobre a situación económica e social de Galicia no 2014 aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia.

A aprobación o día 6 de xullo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia por parte do Consello Económico e Social de Galicia pon a énfase na necesidade de ampliar as políticas públicas para contrarrestar as enormes desigualdades que acentou na sociedade galega a aplicación da ortodoxia neoliberal durante a galerna da recesión e da crise.

O amplo repaso que realiza a Memoria amosa varias pautas comúns: fragilidade da recuperación de certas variables básicas da economía, non repercusión desa melloría nas condicións materiais de vida da xente do común, e o atraso comparativo da nosa situación respecto á media estatal.

O leve crecemento galego quedou nun 0.4%, cifra que *“(...) non consegue impulsar a creación de emprego neto, reducíndose a poboación ocupada...”*. Moi significativo neste apartado é o dato é a formación bruta de capital fixo, investimento que crece 1,3% fronte o 3,4% da media estatal.

Outro chanzo clave da dramática regresión das clases traballadoras do país é a constatación que fai a Memoria do desigual reparto das cargas da crise, que levou a que os salarios perderan peso na participación na renda nacional quedando por baixo do excedente bruto de explotación, dos beneficios empresariais. A clase traballadora galega supón polo seu custe laboral a cuarta forza de traballo máis económica do Estado.

O reparto inxusto que fixo o goberno Núñez Feijóo foi de tal magnitude que obriga ao Consello a recomendar que se adiquen máis recursos orzamentarios para as partidas de sanidade, educación, protección e promoción social, outrosí de reclamar que non se deterioren máis as condicións de traballo do persoal do sector público so pretexto de melloras na eficiencia dos servizos públicos.

O informe pon de manifesto as insuficiencias do quefacer público da Xunta en políticas activas de conciliación familiar que contribúan no contexto de crise social a evitar a regresión demográfica galega.

A Xunta de Galicia colaborou na degradación do mercado laboral e así o Consello insta a adopción de medidas que superen a progresiva perda de poboación activa e a preocupante situación da mocidade galega e do colectivo de maiores de 45 anos no paro. Galicia rematou 2014 con menos poboación ocupada tanto a tempo completo como a tempo parcial que no 2013. Refire o informe tamén a necesidade de deseñar políticas que freen as desigualdades e que garantan a cobertura social dunha forza de traballo precarizada. Polarización e crecemento das desigualdades laborais marcan este capítulo adicado ao mercado de traballo.

Non menos severas son as necesidades e urxencias do tecido produtivo galego. O CES recoñece que persisten os atrancos para conquistar financiamento ás empresas e autónomos. Para desgranar urxencias e necesidades dos sectores produtivos, que caso da industria o levan a reclamar con urxencia medidas concretas que entre outras abaraten os prezos enerxéticos ou aumenten os recursos adicados a investigación e innovación, que caeron sen interrupción do 1,04% cando chegou Núñez Feijóo ao 0,86% do 2013. Mención expresa fai o informe da conveniencia de apoiar as políticas de rehabilitación e sustentabilidade enerxética así como a recualificación da man de obra que viñera traballando na construción.

En materia de calidade de vida e benestar social o CES formula tamén toda unha serie de recomendacións que atallen circunstancias tan graves como *“(...)a crecente problemática da pobreza infantil”,* o *“(...) déficit de cobertura por desemprego existente e o forte risco de exclusión social das persoas desempregadas”,* ou a prioridade para adoptar *“(...) todas as medidas necesarias para que as persoas que teñan recoñecido o dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia accedan á mesma, eliminando así a lista de espera existente.”* Incluso aféalle á Xunta a opacidade e os retrasos en materias tan sensibles como a tramitación e entrega da Risga, ou demanda sen ambaxes a *“creación de centros públicos para a atención a persoas con enfermidades mentais...”*.

Un apartado do informe non deixa de constatar a privación cultural derivada do impacto da crise na nosa sociedade, con mencións expresas a asistencia ao cinema e ás artes escénicas con carácter xeral. Datos derivados da aguda contracción que sufriu o gasto en cultura nos fogares.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte interpelación:

- Vai derrogar o goberno galego as medidas lesivas para as traballadoras e traballadores do sector público galego, en particular a lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia?
- Vai recuperar, e en que prazo se fora o caso, a Xunta de Galicia os niveis orzamentarios en educación e sanidade previos á crise?
- En materia educativa, que novos recursos económicos e de plantilla vai achegar a Xunta para garantir un ensino obrigatorio inclusivo que atenda á diversidade e afirme a igualdade efectiva de oportunidades?
- Que novas actuacións vai desenvolver a Xunta para pular polas políticas activas de conciliación familiar?
- Que medidas vai implementar a Xunta para que o noso país deixe de perder poboación activa?
- Cales son as actuacións que o goberno galego vai executar para superar a situación da xuventude no mercado laboral?
- Contempla a Xunta realizar actuacións tendentes a incrementar a taxa de cobertura por desemprego?
- Que medidas vai acordar a Xunta para protexer o colectivo das persoas traballadoras en paro de lonxa duración e con cargas familiares maiores de 45 anos? E para fomentar a súa reinserción laboral?
- Cales van ser as melloras a introducir pola Xunta na prevención de riscos laborais?
- Que actuacións contempla a Xunta para fornecer a demanda interna?
- Como vai fomentar a creación de produtos de alto valor engadido nos novos sectores emerxentes?
- Que plans ten a Xunta para recuperar o investimento en I+D+i?

- Que novas medidas vai desenvolver a Xunta para aumentar o peso do sector industrial e para recuperar alomenos o emprego destruído nestes anos nese sector?
- Que políticas e recursos adicionais vai dispor a Xunta para desenvolver o sector primario?
- Que iniciativas vai emprender a Xunta para superar os atrancos no financiamento das empresas e fogares?
- Que incremento dos servizos públicos formula a Xunta para atender ao envellecemento da nosa cidadanía?
- Vai desenvolver a Xunta novas medidas sanitarias para atender á complexa realidade demográfica e territorial do noso país?
- Que vai facer a Xunta para erradicar a lacra crecente da pobreza infantil?
- Vai ser quen a Xunta de rematar coa vergoña que supón a existencia de milleiros de persoas dependentes cunha prestación recoñecida que non a reciben?
- Vai crear a Xunta centros públicos para a atención de persoas con doenzas mentais, dotando aos mesmos con prazas específicas para menores?
- Vai rematar a Xunta co escándalo da opacidade e retrasos na xestión das axudas da Risga e de emerxencia social?
- Contempla a Xunta acordar unha estratexia eficaz para protexer ao medio físico da depredación economicista?
- Que medidas fundamentais vai implementar a Xunta para atender ás consideracións aprobadas polo CES?

En Compostela, a 13 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 13/07/2015 12:41:03

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, Maria Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Nos últimos tempos, o Grupo Parlamentario Socialista denunciou sempre que tivo ocasión a política lingüística -e en concreto a política de aprendizaxe de linguas estranxeiras- levada a cabo pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aínda que temos que recoñecer que con escaso éxito pola cerrazón e a falta de sensibilidade dun goberno instalado confortablemente no “altar da súa maioría absolutista”.

Ninguén dubida que a aprendizaxe de idiomas se ten convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental, tanto para xente moza como para adulta, e ninguén dubida tampouco que a aprendizaxe de idiomas estranxeiros abre portas para o acceso ao esixente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir.

Esa posibilidade de formación está hoxe ao alcance de moita xente nas cidades, pero resulta moito máis complicada en pequenas vilas do noso rural, a pesar da existencia dese lugar de “peregrinación habitual” existente nos Peares para todos os conselleiros de Educación do Sr. Feijoo.

Esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista busca ante todo reflexionar sobre ese plurilingüísmo do que tanto lles gusta falar aos representantes do Partido Popular, pero busca facelo sen trampas e sen demagogia.

O Grupo Parlamentario Socialista ten dito moitas veces en sede parlamentaria que comparte a necesidade de potenciar o estudo de idiomas estranxeiros na nosa xuventude, aínda que cousa distinta é que coincidamos en como facelo...

Temos dito tamén reiteradamente no que cambiar estadias en Inglaterra, Irlanda, EEUU ou Canadá por mini cursos dunha semana nos Peares non nos pareceu nunca a mellor opción para aprender inglés.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E temos dito tamén reiteradamente que non nos pareceu nunca a mellor opción cambiar estadias en países estranxeiros pola impartición en inglés, francés ou alemán dalgunhas materias por parte de profesorado non especialista, nin pensar que entregando uns listados de vocabulario en inglés, francés ou alemán nas materias de plástica, música ou educación física poderíamos estar potenciando en serio o estudo de linguas estranxeiras no noso país.

O Grupo Socialista apoiaría, polo contrario, medidas máis ambiciosas, medidas que facilitasen ao alumnado de familias medias e humildes estadias en países estranxeiros nos períodos vacacionais do estudantado, medidas que dotasen aos centros educativos dos medios humanos e materiais necesarios para poder impartir con garantías as clases de linguas estranxeiras ou medidas que facilitasen tamén ao profesorado de idiomas a formación continua necesaria para actualizar os seus coñecementos.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte interpelación.

1ª) Pensa o Goberno galego que está a facer unha política moderna, eficaz e rigorosa para fomentar en serio a aprendizaxe de linguas estranxeiras entre o estudantado galego?

2ª) Pensa o Goberno galego que está a facer unha política moderna, eficaz e rigorosa para fomentar en serio a formación do profesorado que imparte as linguas estranxeiras no noso país?

3ª) Pensa o Goberno galego que está a facer unha política moderna, eficaz e rigorosa para que os centros educativos galegos contén coas condicións necesarias para implementar nas súas aulas a aprendizaxe das linguas estranxeiras

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 14/07/2015 11:12:55

María Concepción Burgo López na data 14/07/2015 11:13:11

Emilio Vázquez Blanco na data 14/07/2015 11:13:15

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, membros do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa ao número de persoas beneficiadas polo Programa de Activación para o Emprego (PAE).

Asinárase o 15 de decembro do 2014, o acordo estatal para desenvolver o Programa de Activación para o Emprego (PAE), acordo que nas verbas do presidente do goberno central permitiría arbitrar axudas especiais para conquistar a integración no mercado laboral a aproximadamente 450.000 persoas en situación de paro de longa duración e con responsabilidades familiares. Estimación que a ministra afirmou que nace dunha consulta coas comunidades autónomas.

Esta axuda de 426 euros durante seis meses alén da súa moi reducida contía partía xa coa eiva dunha previsión de cobertura de só 1 de cada tres persoas sen ingresos, no paro e con cargas familiares.

O 6 de marzo o consello de ministros aprobou un crédito extraordinario por importe de 850 millóns de euros para financiar este PAE no exercicio 2015.

As previsións enunciadas polo goberno están a resultar fallidas porque o número de persoas beneficiarias previsto para maio do 2015 situábase en 320.000 persoas (sendo na realidade de só 55.886 persoas) e o gasto previsto movíase no furco que vai de 383-426 millóns de euros, cifra que resta na actualidade en 51 millóns de euros.

O certo é que os datos de partida para realizar as estimacións os garda sen compartilos cos sindicatos o goberno central: este é o que coñece o número de persoas inscritas nos servizos públicos de emprego con data 1 de decembro do 2014; cantas destas persoas percibiran o Prepara ou esgotaron a RAI; cantos persoas teñen responsabilidades familiares e levan alomenos 6 meses sen prestacións e sen recibir unha renda social.

Crecen as denegacións para acceder a un programa que naceu insuficiente e resulta fallido no seu desenvolvemento. O ministerio recoñece 17.735 denegacións. Unha de cada cinco solicitudes denégase.

Este grupo parlamentario quere coñecer que datos proporcionou a Xunta ao ministerio para realizar as estimacións do PAE e cal é o impacto que está a ter no noso país.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte interpelación:

- Que datos comunicou a Xunta ao ministerio no marco das previsións de persoas beneficiarias do Programa de Activación para o Emprego (PAE)?
- Cantas persoas rexistradas no servizo público de emprego galego son beneficiarias das prestacións do PAE?
- Cantas persoas rexistradas no servizo público de emprego galego solicitaron acollerse a este programa e recibiron unha denegación? Cal é o desglose das denegacións atendendo a súa motivación?
- Vaise dirixir o goberno galego ao goberno central para demandar unha rectificación no funcionamento do PAE de maneira que cumpra alomenos as previsións en número de beneficiarios sostidas polo goberno central no seu lanzamento?

En Compostela, a 14 de xullo do 2015, ducentésimo vixésimo sexto aniversario da toma da Bastilla.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 14/07/2015 10:50:00

Eva Solla Fernández na data 14/07/2015 10:50:03

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

As confrarías das rías de Arousa e Pontevedra levan anos sufrindo problemas moi similares sempre ligados á contaminación, á falta de saneamento nas rías e á pouca implicación por parte do Goberno galego do Partido Popular.

Os datos falan por si solos, e calquera indicador dos que podamos consultar nos vai referir á situación na que se atopan as persoas profesionais do marisqueo nestas dúas rías.

Se falamos de días traballados poderemos comprobar como en moitos casos se chega a reducir en preto do 60 % o número de días propostos para traballo nos plans de explotación cos días realmente traballados.

Se decidimos consultar os niveis de produción poderemos observar tamén como ten diminuído de xeito alarmante nos últimos anos, ao igual que os niveis de ingresos.

O Goberno galego fala continuamente de dinamizar e profesionalizar o sector, pero o único que está a conseguir é precarizar os empregos no mar.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que é preciso deter a sangría que está a sufrir o sector marisqueiro en moitas confrarías destas dúas rías polo que os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego:



 Grupo Parlamentario

1ª) Que está a facer o Goberno galego para mellorar a calidade das augas das rías de Arousa e Pontevedra?

2ª) Ten feito o Goberno galego un estudo dos puntos de vertidos destas rías?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cando vai o Goberno galego realizar os traballos de rexeneración nas zonas de libre marisqueo nestas rías?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 13:46:18

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 13:46:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/07/2015 13:46:54

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 13:47:05

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A importancia do sector do mexillón no noso país está fóra de toda discusión, un sector punteiro e referente a nivel mundial na produción deste bivalvo, tanto en volume como en calidade.

Un produto que está sometido a grandes controis diarios, un produto certificado e que conta con todas as garantías sanitarias, pero que nos últimos anos non está a ter toda a atención que merece por parte do Goberno galego.

Atrás quedan xa os anos 2013 e 2014, sen lugar a dúbidas anos malos para o sector por diferentes razóns, pero principalmente polo elevado número de días que os polígonos bateiros de todo o país tiveron que ficar pechados pola proliferación de toxinas.

As mareas vermellas están a ser nos últimos tempos un dos cabalos de batalla do sector mexilloeiro polas importantes perdas que lle xeran durante o ano.

Tanto é así que o propio sector está poñendo recursos económicos para tratar de mellorar e buscar solucións e alternativas que podan paliar as perdas e que mesmo podan supoñer algún cambio normativo.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno galego ten ferramentas e medios económicos para tratar de buscar as causas e as razóns do aumento da proliferación de microalgas tóxicas nas nosas rías, e mesmo ten tamén a obriga de facelo, por todo isto os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:



Grupo Parlamentario

1ª) Que está a facer o Goberno galego para buscar as causas da enorme proliferación de mareas vermellas nas nosas rías nos últimos anos?

2ª) Vai o Goberno galego promover a realización dun novo estudo sobre a inxesta de mexillón e os seus efectos sobre as persoas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cales son os criterios que sigue o Goberno galego para decretar os peches preventivos dos polígonos bateiros?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 14:11:14

José Manuel Gallego Lomba na data 14/07/2015 14:11:29

Noela Blanco Rodriguez na data 14/07/2015 14:11:40

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os medios de comunicación galegos informan, con relativa frecuencia, de casos de traballadoras da sanidade que sufriron abortos espontáneos despois de ter solicitado e de terlle sido denegados permisos de baixa laboral por risco no embarazo.

Medida esta, risco no embarazo, que fora posta en marcha polo Goberno do Sr. Zapatero coa intención de protexer as nais e aos fetos nesas circunstancias nas que o tipo de traballo a realizar poda resultar perigoso para o normal desenrolo dun embarazo.

A tan perseguida igualdade no eido laboral facilita a presenza feminina en actividades laborais que non se poden desenrolar con todas as garantías no caso de que a traballadora este encinta. E para non excluír as mulleres desas actividades se puxo en marchar esa baixa que tampouco prexudica a empresa contratante. Ademais de ser unha medida que, sen dúbida, ao favorecer o emprego feminino axuda no grave problema demográfico que padece Galicia.

Pero o gran retroceso tanto en igualdade como en dereitos laborais e sanitarios provocado pola xestión do Partido Popular o fronte dos gobernos parece que ten afectado tamén a estes permisos.

Ante todo isto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos permisos laborais por risco no embarazo ten concedido o Sergas dende o ano 2009, detallando cantos se solicitaran e cantos se concederan en cada un deses anos?
2. Cales foron os motivos nos denegados?
3. Que categorías profesionais o solicitaron? E que categorías profesionais tiñan as solicitudes rexeitadas?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Cantos contratos deixou de facer o Sergas por estar a traballadora embarazada neste tempo?
5. A cantas profesionais se lles cambiou o posto de traballo por estar nessas circunstancias e cantas foron enviadas a casa con e sen salario? E durante canto tempo?
6. En canto a lactancia teñen todos os centros sanitarios espazos adecuados para ilo? Cantos si e cantos non, e cales?
7. Cantas mulleres gozaron do permiso por lactancia no Sergas nos anos 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014?
8. Como se cubriron as ausencias xeradas por lactancia e por risco no embarazo nos últimos cinco anos no Sergas?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 15/07/2015 12:48:06

Carmen Gallego Calvar na data 15/07/2015 12:48:13

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 15/07/2015 12:48:27

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteria e Ramón Santos Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A posta polo fomento da aprendizaxe de linguas estranxeiras ten sido unha constante en Galicia tanto na pasada como na presente lexislatura.

O compromiso do Goberno galego co fomento do plurilingüismo no sistema educativo reafirmouse a través do Plan de Potenciación de Linguas Estranxeiras que, entre outras medidas, reforzou a rede de seccións bilingües e impulsou a creación de centros plurilingües na Comunidade Autónoma.

No Grupo Parlamentario Popular coñecemos o interese social que espertou esta acción posta en marcha no 2010 e, ante o inicio dun novo curso 2015-16 parece oportuno saber en que situación nos atopamos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué posibilidades de aprendizaxe de idiomas estranxeiros ofrece a rede de centros plurilingües e seccións bilingües para o novo curso escolar?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Hipólito Fariñas Sobrino na data 09/07/2015 14:05:26

Agustín Baamonde Díaz na data 09/07/2015 14:05:35

Javier Dorado Soto na data 09/07/2015 14:05:44

Jesus Goldar Guimil na data 09/07/2015 14:05:53

Antonio Mouriño Villar na data 09/07/2015 14:06:00

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 09/07/2015 14:06:08

Marisol Diaz Mouteira na data 09/07/2015 14:06:11

Ramón Santos Pérez na data 09/07/2015 14:06:18

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O avance das novas tecnoloxías e a introdución das TIC de forma xeneralizada, fai que cada curso que pasa o libro impreso vaia transformando o seu peso na tarefa académica.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está a desenvolver un programa de dotación de equipamento informático e a dixitalización do 100% das aulas de 5º e 6º de Primaria e de toda a ESO de centros públicos. Unha vez consolidado este proceso e co aumento da oferta dos contidos dixitais, o libro tradicional adaptará a súa función e utilidade como ferramenta complementaria no proceso educativo.

No curso 2015-2016 o Goberno galego aposta por facilitar ás familias galegas o acceso aos libros de texto cun modelo que combina: as axudas de Gratuidade Solidaria e a posta en marcha dos Fondos Solidarios –atendendo á demanda da comunidade educativa e a suxestión da Defensora del Pueblo--, xunto coa progresiva extensión do E-DIXGAL, plataforma de contidos dixitais educativos.

Esta iniciativa ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, poñendo a disposición dos centros un entorno virtual de aprendizaxe. Esta plataforma ou EVA aloxará os libros e outros materiais dixitais cos que poderá desenvolverse a totalidade do currículo.

Logo da experiencia durante o curso pasado na implantación dos contidos dixitais nos centros educativos, parece lóxico coñecer qué análise fai a Consellería do proceso iniciado e cales son as novidades para o período 2015-16.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cómo se vai desenvolver o proxecto E-DIXGAL durante o curso 2015-2016?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 09/07/2015 14:08:03

Agustín Baamonde Díaz na data 09/07/2015 14:08:10

Javier Dorado Soto na data 09/07/2015 14:08:18

Jesus Goldar Guimil na data 09/07/2015 14:08:25

Antonio Mouriño Villar na data 09/07/2015 14:08:33

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 09/07/2015 14:08:40

Marisol Diaz Mouteira na data 09/07/2015 14:08:44

Ramón Santos Pérez na data 09/07/2015 14:08:52

A Mesa do Parlamento

Hipólito Fariñas Sobrino, Agustín Baamonde Díaz, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os mestres e profesores cumpren unha importante misión na formación da futuras xeracións de rapaces e rapazas da nosa Comunidade. Neste contexto resulta de interese que a Administración educativa galega impulse e contribúa á formación permanente dos profesionais que están desenvolver a súa actividade nas aulas galegas.

As sociedades modernas teñen mudado moito nos últimos tempos e faise preciso actualizar e adaptar coñecementos ás novas necesidades educativas dun mundo cada vez máis global: maior implantación e uso das TIC no ensino, relevancia dos idiomas estranxeiros, novas didácticas e metodoloxías, conceptos como creatividade, intelixencia emocional, etc..

Unha nova realidade na Galicia do século XXI aconsella dar pasos que permitan adaptar e modernizar a formación docentes galegos, desde a perspectiva de que sexa útil para os propios profesionais e, sobre todo, para o alumnado.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ven traballando neste obxectivo. En datas pasadas foi presentado o Plan de Formación do Profesorado para o vindeiro curso 2015/2016, con distintas iniciativas e que da continuidade a actividade formativa desenvolvida no curso anterior por milleiros de profesores e profesoras de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En qué consiste o Plan de Formación do Profesorado para o vindeiro curso 2015/2016?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Hipólito Fariñas Sobrino na data 09/07/2015 14:10:53

Agustín Baamonde Díaz na data 09/07/2015 14:11:02

Javier Dorado Soto na data 09/07/2015 14:11:10

Jesus Goldar Guimil na data 09/07/2015 14:11:18

Antonio Mouriño Villar na data 09/07/2015 14:11:25

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 09/07/2015 14:11:36

Marisol Diaz Mouteira na data 09/07/2015 14:11:40

Ramón Santos Pérez na data 09/07/2015 14:11:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En 1998 entrou en vigor o convenio Marco para a protección das minorías nacionais. Este convenio é un instrumento internacional xuridicamente vinculante, entre outras cuestións, en materia de dereitos lingüísticos e de protección fronte a discriminación. O Comité consultivo do Convenio Marco para a protección das minorías nacionais vén de sinalar na súa avaliación do Estado español o incumprimento dos compromisos adquiridos en relación coas linguas diferentes do castelán. Dito informe sinala que o decreto de plurilingüismo de 2010, produciu unha redución da presenza do galego no ensino. Este Comité recomenda ao Estado que amplíe a aplicación do Convenio e teña en conta a realidade plurilingüe, incluíndoa no contemplado no convenio aínda tendo recoñecemento oficial, e que active medidas directas de promoción e promoción das diferentes realidades lingüísticas establecendo canles de diálogo e comunicación coas entidades de defensa das linguas, mesmo coa creación dalgún organismo público que garanta a comunicación con estas entidades e o respecto polas linguas do estado.

Esta declaración súmase as formulas por outros organismos internacionais que teñen amosado preocupación sobre a situación da lingua galega e as consecuencias da actitude goberno galego e español. Estas advertencias súmase as denuncias que organizacións diversas e plurais a prol da lingua galega teñen formulado. Urxe pois unha reformulación dunha política antigalega.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración lle merece á Xunta de Galiza o último informe do Comité consultivo do Convenio Marco para a protección das minorías nacionais en relación co retroceso do apoio á lingua galega?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 10/07/2015 12:48:36

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Rosa Oubiña Solla, Vidal Martínez-Sierra López, Moisés Blanco Paradelo, Angel Camino Copa, Santiago Freire Abeijón e Miguel Prado Patiño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Partido Popular, formación política que sustenta ao Goberno galego e que obtivo a maioría absoluta dos votos nas pasadas eleccións autonómicas, postulaba no seu programa electoral unha liña estratéxica na loita contra os incendios que se baseaba no especial papel que debe ter a colaboración e coordinación entre administracións, especialmente a autonómica e as municipais, nesta loita contra o lume, ben desde a vía da prevención como tamén desde a extinción.

Dese compromiso, referendado pola cidadanía, dispúxose a posibilidade de crear brigadas de prevención e extinción en colaboración cos concellos, previa sinatura dun convenio. A devandita circunstancia, referendada polo interese que moitos alcaldes e alcaldesas fan chegar á Consellería do Medio Rural e do Mar, demostrou ser unha ferramenta que contribuíu a mellor a eficacia do dispositivo.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do traballo desenvolvido por estas brigadas de prevención e extinción de incendios?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

José Manuel Balseiro Orol na data 10/07/2015 13:19:47

María Isabel García Pacín na data 10/07/2015 13:19:55

Rosa Oubiña Solla na data 10/07/2015 13:20:03

Vidal Martínez-Sierra López na data 10/07/2015 13:20:09

Moisés Blanco Paradelo na data 10/07/2015 13:20:16

Angel Camino Copa na data 10/07/2015 13:20:25

José Santiago Freire Abeijón na data 10/07/2015 13:20:35

Jesús Miguel Prado Patiño na data 10/07/2015 13:20:44

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Rosa Oubiña Solla, Vidal Martínez-Sierra López, Moisés Blanco Paradelo, Angel Camino Copa, Santiago Freire Abeijón e Miguel Prado Patiño, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego vén de poñer en marcha este ano o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, coñecido como *Pladiga 2015* que, unha vez máis, ten como obxectivo evitar o máximo número posible de lumes e reducir os danos ocasionados polos que poidan ter lugar.

Trátase da planificación dos medios técnicos e humanos que conforman o dispositivo de vixilancia e extinción a desenvolverse ao longo da época de alto risco, isto é, cando as condicións climatolóxicas.

O *Pladiga 2015* adáptase ademais ao Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais, aprobado polo Goberno, e redefine as situacións operativas de emerxencia que deben contemplar os plans.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta Pleno:

Cales son os aspectos máis relevantes previstos no *Pladiga 2015*?

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 10/07/2015 13:23:23

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

María Isabel García Pacín na data 10/07/2015 13:23:31

Rosa Oubiña Solla na data 10/07/2015 13:23:39

Vidal Martínez-Sierra López na data 10/07/2015 13:23:45

Moisés Blanco Paradelo na data 10/07/2015 13:23:51

Angel Camino Copa na data 10/07/2015 13:23:59

José Santiago Freire Abeijón na data 10/07/2015 13:24:06

Jesús Miguel Prado Patiño na data 10/07/2015 13:24:15

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á Memoria sobre a situación económica e social de Galicia no 2014 aprobada polo Consello Económico e Social de Galicia.

A aprobación o día 6 de xullo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia por parte do Consello Económico e Social de Galicia pon a énfase na necesidade de ampliar as políticas públicas para contrarrestar as enormes desigualdades que acentou na sociedade galega a aplicación da ortodoxia neoliberal durante a galerna da recesión e da crise.

O amplo repaso que realiza a Memoria amosa varias pautas comúns: fragilidade da recuperación de certas variables básicas da economía, non repercusión desa melloría nas condicións materiais de vida da xente do común, e o atraso comparativo da nosa situación respecto á media estatal.

O leve crecemento galego quedou nun 0.4%, cifra que “(...) *non consegue impulsar a creación de emprego neto, reducíndose a poboación ocupada...*”. Moi significativo neste apartado é o dato é a formación bruta de capital fixo, investimento que crece 1,3% fronte o 3,4% da media estatal.

Outro chanzo clave da dramática regresión das clases traballadoras do país é a constatación que fai a Memoria do desigual reparto das cargas da crise, que levou a que os salarios perderan peso na participación na renda nacional quedando por baixo do excedente bruto de explotación, dos beneficios empresariais. A clase traballadora galega supón polo seu custe laboral a cuarta forza de traballo máis económica do Estado.

O reparto inxusto que fixo o goberno Núñez Feijóo foi de tal magnitude que obriga ao Consello a recomendar que se adiquen máis recursos orzamentarios para as partidas de sanidade, educación, protección e promoción social, outrosí de reclamar que non se deterioren máis as condicións de traballo do persoal do sector público so pretexto de melloras na eficiencia dos servizos públicos.

O informe pon de manifesto as insuficiencias do quefacer público da Xunta en políticas activas de conciliación familiar que contribúan no contexto de crise social a evitar a regresión demográfica galega.

A Xunta de Galicia colaborou na degradación do mercado laboral e así o Consello insta a adopción de medidas que superen a progresiva perda de poboación activa e a preocupante situación da mocidade galega e do colectivo de maiores de 45 anos no paro. Galicia rematou 2014 con menos poboación ocupada tanto a tempo completo como a tempo parcial que no 2013. Refire o informe tamén a necesidade de deseñar políticas que freen as desigualdades e que garantan a cobertura social dunha forza de traballo precarizada. Polarización e crecemento das desigualdades laborais marcan este capítulo adicado ao mercado de traballo.

Non menos severas son as necesidades e urxencias do tecido produtivo galego. O CES recoñece que persisten os atrancos para conquistar financiamento ás empresas e autónomos. Para desgranar urxencias e necesidades dos sectores produtivos, que caso da industria o levan a reclamar con urxencia medidas concretas que entre outras abaraten os prezos enerxéticos ou aumenten os recursos adicados a investigación e innovación, que caeron sen interrupción do 1,04% cando chegou Núñez Feijóo ao 0,86% do 2013. Mención expresa fai o informe da conveniencia de apoiar as políticas de rehabilitación e sustentabilidade enerxética así como a recualificación da man de obra que viñera traballando na construción.

En materia de calidade de vida e benestar social o CES formula tamén toda unha serie de recomendacións que atallen circunstancias tan graves como *“(...)a crecente problemática da pobreza infantil”,* o *“(...) déficit de cobertura por desemprego existente e o forte risco de exclusión social das persoas desempregadas”,* ou a prioridade para adoptar *“(...) todas as medidas necesarias para que as persoas que teñan recoñecido o dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia accedan á mesma, eliminando así a lista de espera existente.”* Incluso aféalle á Xunta a opacidade e os retrasos en materias tan sensibles como a tramitación e entrega da Risga, ou demanda sen ambaxes a *“creación de centros públicos para a atención a persoas con enfermidades mentais...”*.

Un apartado do informe non deixa de constatar a privación cultural derivada do impacto da crise na nosa sociedade, con mencións expresas a asistencia ao cinema e ás artes escénicas con carácter xeral. Datos derivados da aguda contracción que sufriu o gasto en cultura nos fogares.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que medidas vai implementar a Xunta para atender ás consideracións aprobadas polo CES?

En Compostela, a 13 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/07/2015 12:39:53

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **en Pleno**.

A principios do mes de xuño de este ano o Concello de Agolada a través de un comunicado nos medios de comunicación trasladaba que se fixeran “un cento de notificacións para a limpeza de fincas que se atopaban en estado de abandono e que polo tanto estaban poñendo en risco grave de sufrir un incendio forestal”.

Tal como era recollido se defendía esta actuación xa que segundo o alcalde “a maioría dos propietarios avisados desbrozaban tras este aviso”.

Efectivamente tal como se recolle na propia lei “as persoas físicas ou xurídicas responsables, procederán a execución da xestión da biomasa antes do 30 de xuño de cada ano e con arranxo os criterios establecidos por orden da consellería competente en materia forestal.....si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa, as citadas administracións públicas, con arranxo as atribucións competenciais definidas con anterioridade, poderán proceder a execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa, repercutindo os custos as persoas responsables...”.

No Concello de Agolada son moitas as parcelas que se atopan no Bantegal, e moitas delas se atopan en estado de abandono estando situadas ó lado de parcelas con plantacións en condicións boas de xestión e coidado por parte dos seus propietarios, xerando un risco para estas no caso de provocarse un incendio forestal.

Un claro exemplo deste problema é a Parcela 00148/ Polígono 506.

Grupo Parlamentario

Ante isto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que medida a recente Lei da mellora da estrutura territorial de Galicia que foi aprobada vai a afectar á situación desta parcela?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2015

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 14/07/2015 10:10:59



 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 14/07/2015 10:11:05

José Ramón Val Alonso na data 14/07/2015 10:11:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**:

A agricultura galega está moi pouco diversificada. Existe un predominio absoluto do sector lácteo cos riscos que iso conleva, no contexto de crise como o que estamos a vivir no que o peche de explotacións de leite, suporía agravar máis o despoboamento e a desvertebración do medio rural.

Cada ano, Galiza ten unha balanza alimentaria negativa de 900-1000 millóns de euros.

Unha parte importante é debida á alimentación animal, soia e millo importados, pero tamén se importan diariamente grandes cantidades de hortalizas e froitas, moitas das cales poderían ser producidas aquí.

Ao mesmo tempo, as terras con maior aptitude agronómica seguen a abandonarse ou se usan para incrementar o monocultivo de eucalipto.

Acadar o obxectivo de equilibrar esa balanza crearía miles de empregos no rural. Para iso, débense implementar plans sectoriais específicos para o fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica.

Por todo isto, Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten a Xunta de Galicia algún plan para os sectores da horticultura e a fruticultura?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015.



Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 14/07/2015 10:35:45

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Marisol Piñeiro Martínez, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Ao longo dos últimos anos e, a través da iniciativa *Ponlle as pilas ao teu bocata*, a Consellería do Medio Rural e do Mar en colaboración cos departamentos autonómicos de Educación e Sanidade e de Anfaco-Cecopesca, pretende fomentar o consumo de conservas de peixe e moluscos entre os máis cativos e transmitirles a importancia das súas achegas nutritivas.

A campaña *Ponlle as pilas ao teu bocata* estivo presente durante o curso nas aulas de colexios públicos de toda Galicia e en diferentes eventos deportivos e culturais, campamentos e outras iniciativas de participación xuvenil.

Ao obxecto de valorar o desenvolvemento desta actividade así como a finalidade perseguida pola mesma, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento da iniciativa *Ponlle as pilas ao teu bocata*?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 14/07/2015 10:08:07

Rosa Oubiña Solla na data 14/07/2015 10:08:17

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 14/07/2015 10:08:23

Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/07/2015 10:08:27

Vidal Martínez-Sierra López na data 14/07/2015 10:08:34

Berta Pérez Hernández na data 14/07/2015 10:08:40

María Herminia Pouso Maneiro na data 14/07/2015 10:08:48

Gonzalo Trenor Lopez na data 14/07/2015 10:08:56

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Marisol Piñeiro Martínez, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A marca “pescadeRías, de onde senón” é unha ferramenta do sector pesqueiro para poder diferenciar a frescura e calidade dos seus produtos do mar procedentes da flota artesanal galega.

Este distintivo garante que todos os produtos etiquetados proceden do marisqueo ou da pesca de baixura que se desembarca diariamente nos portos de Galicia. Todos eles teñen, xa que logo, menos de 24 horas fose do mar no momento da súa primeira venda.

Ademais de ofrecer ao público un distintivo de calidade e confianza, certifica que os métodos extractivos empregados son respectuosos co medio ambiente co fin de conseguir unha pesca sostible no tempo, pensando nas xeracións futuras.

Ao longo dos últimos anos a Consellería do Medio Rural e do Mar vén promovendo diversas accións de divulgación desta marca entre as e os profesionais da venda de peixe, identificando as súas vantaxes, as lonxas acreditadas para adquirilos.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento deste distintivo de calidade dos produtos do mar galegos procedentes da pesca artesanal?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 14/07/2015 10:12:55

Rosa Oubiña Solla na data 14/07/2015 10:13:03

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 14/07/2015 10:13:09

Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/07/2015 10:13:12

Vidal Martínez-Sierra López na data 14/07/2015 10:13:20

Berta Pérez Hernández na data 14/07/2015 10:13:27

María Herminia Pouso Maneiro na data 14/07/2015 10:13:42

Gonzalo Trenor Lopez na data 14/07/2015 10:13:50

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O primeiro Consello de Ministros do mes de xuño vén de aprobar o proxecto de Lei que regulamentará a protección social de todos os traballadores do sector marítimo pesqueiro.

Trátase, unha vez máis, de dar resposta a unha demanda histórica dos profesionais do mar, tal e como aconteceu con anterioridade por exemplo, con iniciativas como a modernización da normativa sobre tripulacións mínimas.

A futura Lei, unificará nun solo texto a dispersa normativa existente, ademais de configurar unha ampla carteira de servizos e asistencia para a protección do sector laboral ligado á actividade no mar, así como as medidas para mellorar a súa formación.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego deste novo proxecto de Lei que regulamentará a protección social de todos os traballadores do sector marítimo pesqueiro?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

José Manuel Balseiro Orol na data 14/07/2015 11:05:50

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 14/07/2015 11:05:58

Rosa Oubiña Solla na data 14/07/2015 11:06:04

Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/07/2015 11:06:16

Vidal Martínez-Sierra López na data 14/07/2015 11:06:29

Berta Pérez Hernández na data 14/07/2015 11:06:36

María Herminia Pouso Maneiro na data 14/07/2015 11:06:44

Gonzalo Trenor Lopez na data 14/07/2015 11:06:51

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Os traballadores de Alcoa agardan con incerteza que á volta do verán se leve a cabo unha nova subasta para o servizo de interrompibilidade que garanta un prezo que a empresa considere axeitado para manter a actividade das fábricas en Galiza.

A actividade da fábrica está baseada nun consumo intensivo de enerxía e só é viable con prezos baixos da enerxía.

Ate o de agora ese prezo conquírese polos chamados acordos de interrompibilidade, que fixan un prezo aproximado para Alcoa dun terzo do prezo que pagan o resto dos consumidores.

É necesario conservar os postos de traballo, xa que non se poden permitir máis despidos nun país tan castigado pola crise e onde se ten destruído nos últimos 6 anos o 25 % do emprego industrial, pero é preciso dunha vez por todas acabar coa interinidade e coa dependencia das decisións dunha empresa que en calqueira momento pode decidir a deslocalización da actividade.

É necesario acadar un xeito de suministro enerxético que servindo para a actividade das fábricas non penalice aos consumidores, e porque a cambio de subvencións ao prezo enerxético se tomen medidas graduais que rebaixen consumo, as emisións e a garantía de mantemento de emprego.

Neste país prodúcese todos os anos máis de 33.081 Gwh cúa produción supón que soportemos impactos ambientais severos. Desta cantidade expórtase o 40% todos os anos, sen que a cambio os galegos e galegas obteñamos contrapartida en forma de prezos ou condicións da comercialización da electricidade.

Por elo é primordial que o Goberno galego traballe nas solucións dos problemas de fondo nesta situación e que teñen moito que ver co modelo enerxético.

Dende hoxe débense de tomar as medidas necesarias para que o futuro de tantas persoas non dependa só das decisións dunha multinacional.

Por todo elo Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que liñas está a traballar a Xunta de Galicia para garantir a estabilidade dos empregos dos traballadores de Alcoa?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 14/07/2015 11:30:18

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

As deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, membros do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ao número de persoas beneficiadas polo Programa de Activación para o Emprego (PAE).

Asinárase o 15 de decembro do 2014, o acordo estatal para desenvolver o Programa de Activación para o Emprego (PAE), acordo que nas verbas do presidente do goberno central permitiría arbitrar axudas especiais para conquistar a integración no mercado laboral a aproximadamente 450.000 persoas en situación de paro de longa duración e con responsabilidades familiares. Estimación que a ministra afirmou que nace dunha consulta coas comunidades autónomas.

Esta axuda de 426 euros durante seis meses alén da súa moi reducida contía partía xa coa eiva dunha previsión de cobertura de só 1 de cada tres persoas sen ingresos, no paro e con cargas familiares.

O 6 de marzo o consello de ministros aprobou un crédito extraordinario por importe de 850 millóns de euros para financiar este PAE no exercicio 2015.

As previsións enunciadas polo goberno están a resultar fallidas porque o número de persoas beneficiarias previsto para maio do 2015 situábase en 320.000 persoas (sendo na realidade de só 55.886 persoas) e o gasto previsto movíase no furco que vai de 383-426 millóns de euros, cifra que resta na actualidade en 51 millóns de euros.

O certo é que os datos de partida para realizar as estimacións os garda sen compartilos cos sindicatos o goberno central: este é o que coñece o número de persoas inscritas nos servizos públicos de emprego con data 1 de decembro do 2014; cantas destas persoas percibiran o Prepara ou esgotaron a RAI; cantos persoas teñen responsabilidades familiares e levan alomenos 6 meses sen prestacións e sen recibir unha renda social.

Crecen as denegacións para acceder a un programa que naceu insuficiente e resulta fallido no seu desenvolvemento. O ministerio recoñece 17.735 denegacións. Unha de cada cinco solicitudes denégase.

Este grupo parlamentario quere coñecer que datos proporcionou a Xunta ao ministerio para realizar as estimacións do PAE e cal é o impacto que está a ter no noso país.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vaise dirixir o goberno galego ao goberno central para demandar unha actuación que rectifique o funcionamento do PAE de maneira que cumpra alomenos as previsións en número de beneficiarios sostidas polo goberno central no seu lanzamento?

En Compostela, a 14 de xullo do 2015, ducentésimo vixésimo sexto aniversario da toma da Bastilla.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/07/2015 10:49:37

Yolanda Díaz Pérez na data 14/07/2015 10:49:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Iglesias Sueiro, Deputada do Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa Resposta no **Pleno**.

É práctica habitual que usuarios da sanidade privada acaben recorrendo á sanidade pública para facer aquelas probas que o especialista privado prescribe.

Ao optar por unha atención ou diagnose privada, as devanditas probas tamén deberían levarse a cabo dentro do servizo privado. Primeiro, para non traspasar ese gasto ao sector público. E segundo, para non aumentar os prazos de atención e listas de espera para as persoas usuarias da sanidade pública.

Por todo o anteriormente exposto, formulase a seguinte **Pregunta** para a súa Resposta en **Pleno**:


- Ten algún mecanismo o SERGAS para detectar e frear esta práctica fraudulenta?

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2015


Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P.Mixto do Parlamento de Galiza.

Asinado dixitalmente por:



Carmen Iglesias Sueiro na data 14/07/2015 12:10:00



A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O galego, como lingua propia de Galicia, constitúe un importante sinal de identidade do noso pobo, mais tamén unha útil ferramenta de comunicación neste mundo cada vez máis globalizado.

O Grupo Parlamentario Popular, en consonancia co que tamén defende a actual Xunta de Galicia, entende que a mellor protección e valorización da lingua galega pasa por propiciar un maior uso da mesma.

O Goberno galego estableceu como eixe fundamental da política lingüística a ampliación dos usos do galego na sociedade e, especialmente, nos sectores económicos. Precisamente a este obxectivo responde o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020, no que está a traballar a Administración galega, en colaboración co propio sector.

Este plan ten por obxectivos estratéxicos crear conciencia de que o uso do galego favorece os resultados e obxectivos empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o emprego da nosa lingua neste ámbito e fomentar entre clientes e consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.

Sabemos que desde o pasado mes de marzo, desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística deu comezo un proceso que inclúe encontros e sesións de traballo para acadar a participación e implicación do propio tecido socioproductivo primeiro, na concreción do plan, mais tamén na consecución dos obxectivos previstos no mesmo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a valoración da Xunta respecto ao proceso de elaboración do devandito Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 14/07/2015 13:04:00

Hipólito Fariñas Sobrino na data 14/07/2015 13:04:15

Javier Dorado Soto na data 14/07/2015 13:04:24

Jesus Goldar Guimil na data 14/07/2015 13:04:37

Antonio Mouriño Villar na data 14/07/2015 13:04:45

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 14/07/2015 13:04:54

Marisol Diaz Mouteira na data 14/07/2015 13:04:57

Ramón Santos Pérez na data 14/07/2015 13:05:04

A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Javier Dorado Soto, Jesús Goldar Güimil, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez, Marisol Díaz Mouteira e Ramón Santos Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O galego, como lingua propia de Galicia, constitúe un importante sinal de identidade do noso pobo, mais tamén unha útil ferramenta de comunicación neste mundo cada vez máis globalizado.

A Xunta está comprometido coa potenciación e o impulso da lingua propia de Galicia e así se ven manifestando a través do traballo desenvolvido nos últimos anos.

Nesta misión están involucrados todos os departamentos, se ben corresponde máis directamente á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) a dirección, planificación, coordinación e execución da actuacións concretas en materia de lingua.

A política lingüística do actual Goberno galego parte do convencemento de que o galego é útil en calquera ámbito e para todas as funcións. Tamén fundaméntase na idea da necesaria colaboración, en que para acadar maiores logros hai que avanzar xuntos na creación de actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia.

O Grupo Popular de Galicia entende que a SXPL está a traballar de xeito activo, mais tamén resulta de interese facer balance e reflexionar sobre o que se ten feito.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Cal é o balance da actividade da Secretaría Xeral de Política Lingüística no que vai de ano 2015?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 14/07/2015 13:06:52

Hipólito Fariñas Sobrino na data 14/07/2015 13:07:01

Javier Dorado Soto na data 14/07/2015 13:07:08

Jesus Goldar Guimil na data 14/07/2015 13:07:16

Antonio Mouriño Villar na data 14/07/2015 13:07:22

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 14/07/2015 13:07:29

Marisol Diaz Mouteira na data 14/07/2015 13:07:32

Ramón Santos Pérez na data 14/07/2015 13:07:38

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os medios de comunicación galegos informan, con relativa frecuencia, de casos de traballadoras da sanidade que sufriron abortos espontáneos despois de ter solicitado e de terlle sido denegados permisos de baixa laboral por risco no embarazo.

Medida esta, risco no embarazo, que fora posta en marcha polo Goberno do Sr. Zapatero coa intención de protexer as nais e aos fetos nesas circunstancias nas que o tipo de traballo a realizar poda resultar perigoso para o normal desenrolo dun embarazo.

A tan perseguida igualdade no eido laboral facilita a presenza feminina en actividades laborais que non se poden desenrolar con todas as garantías no caso de que a traballadora este encinta. E para non excluír as mulleres desas actividades se puxo en marcha esa baixa que tampouco prexudica a empresa contratante. Ademais de ser unha medida que, sen dúbida, ao favorecer o emprego feminino axuda no grave problema demográfico que padece Galicia.

Pero o gran retroceso tanto en igualdade como en dereitos laborais e sanitarios provocado pola xestión do Partido Popular o fronte dos gobernos parece que ten afectado tamén a estes permisos.

Ante todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a conselleira de Sanidade que se está a aplicar correctamente o permiso por risco no embarazo no persoal feminino do Sergas?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Carmen Gallego Calvar

María Quintas Alvarez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María del Carmen Acuña do Campo na data 15/07/2015 12:49:52

Carmen Gallego Calvar na data 15/07/2015 12:49:57

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 15/07/2015 12:50:03



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa ás disposicións do convenio de colaboración e coordinación en materia de seguridade nos edificios da administración de xustiza en Galicia.

Publicouse no BOE do 10 de xullo a resolución de 1 de xullo que refire o devandito convenio de colaboración e coordinación en materia de seguridade nos edificios da administración de xustiza no noso país, subscrito con data de 30 de abril do 2015, entre a Xunta e o ministerio do interior.

No convenio méncionanse aspectos contidos en diversos anexos que non constan na publicación e que afectan a aspectos clave na prestación deste servizo de seguridade e ás modalidades nas que se presta.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vai facer públicos a Xunta de Galicia os contidos dos anexos do devandito convenio de colaboración e coordinación para que sexan analisados e valorados polos grupos políticos con representación no Parlamento?

En Compostela, a 15 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:



Yolanda Díaz Pérez na data 15/07/2015 13:13:27

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo, Angel Camino Copa e Santiago Freire Abeijón, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Entre os aspectos incluídos na reforma do Código Penal que entrou en vigor o primeiro día do mes de xullo, está unha medida de endurecemento das penas contra os incendiarios, contra aqueles que queiman os nosos montes, contra os responsables dun ataque brutal á riqueza natural de Galicia e, en moitas ocasións, culpables de xerar situacións de elevado risco para o patrimonio e a vida das persoas.

Esta modificación cobra especial relevancia en Galicia, onde as estatísticas revelan que o 76 por cento dos lumes forestais que se rexistran en zonas de especial interese son intencionados. No caso galego apuntase, ademais, que o 80 por cento dos lumes son reincidentes, ou o que é o mesmo, que catro de cada cinco incendios que teñen lugar nos montes galegos repiten situación.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da recente reforma do Código Penal no tocante ao reproche xurídico dos incendiarios?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 16/07/2015 11:13:53

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

María Isabel García Pacín na data 16/07/2015 11:14:11

Vidal Martínez-Sierra López na data 16/07/2015 11:14:26

Rosa Oubiña Solla na data 16/07/2015 11:14:41

Jesús Miguel Prado Patiño na data 16/07/2015 11:14:51

Moisés Blanco Paradelo na data 16/07/2015 11:15:04

Angel Camino Copa na data 16/07/2015 11:15:27

José Santiago Freire Abeijón na data 16/07/2015 11:15:37

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, ven de poñer en marcha unha nova campaña de sensibilización sobre o uso do chaleco salvavidas dirixida aos traballadores e traballadoras do mar, co obxectivo de previr os riscos laborais no sector pesqueiro.

Sobra salientar a importancia deste tipo de actividades dirixidas aos profesionais dun medio no que, en atención ás condicións de exercicio desta actividade e circunstancias propias do mundo do mar, o risco cero non existe. A medida busca ofrecer alternativas de seguridade ante a eventualidade de posibles caídas a auga.

Hoxe por hoxe podemos dicir que os profesionais do mar contan con moitos máis medios materiais e humanos en seguridade marítima polo que o reto fundamental, ademais da súa xeneralización en todas as actividades, está tamén no uso e aplicación deses medios e, polo tanto, a formación xoga un papel determinante.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento das actividades de seguridade marítima dirixidas aos profesionais do mar?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 16/07/2015 11:24:13

Maria de la Soledad Piñeiro Martinez na data 16/07/2015 11:24:21

Rosa Oubiña Solla na data 16/07/2015 11:24:24

Javier Jorge Guerra Fernández na data 16/07/2015 11:24:30

Vidal Martínez-Sierra López na data 16/07/2015 11:24:38

Berta Pérez Hernández na data 16/07/2015 11:24:44

María Herminia Pouso Maneiro na data 16/07/2015 11:24:52

Gonzalo Trenor Lopez na data 16/07/2015 11:25:01



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao anuncio de supresión dos exames teóricos para obtención do permiso de conducir na comarca de Valdeorras.

No día de hoxe transcendeu a información de que a Dirección Xeral de Tráfico decidiu suprimir as probas do exame teórico para a obtención do permiso de conducir, entre outras, na comarca de Valdeorras. Segundo esta información, a partir do mes de agosto todas as persoas deberán trasladarse á cidade de Ourense para realizaren ditas probas.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante un novo e inxustificado desmantelamento de servizos na comarca de Valdeorras, que conta con importantes núcleos de poboación. As razóns aducidas pola Dirección Xeral de Tráfico vinculadas coa necesidade de “unificación de exames en todas as sedes” non se sosteñen de ningunha maneira e menos cos medios tecnolóxicos existentes na actualidade.

Ao noso xuízo esta medida non obedece a ningún criterio operativo de mellora dos servizos aos veciños e veciñas da comarca de Valdeorras, pola contra parece guiarse por un criterio ideolóxico orientado a desmantelar as comarcas trasladando todos os servizos ás capitais de provincia.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste caso, ademais, estamos ante unha medida manifestamente inxusta xa que para as persoas desta comarca que terán que facer desprazamentos, en moitos casos de máis de 110 quilómetros, para realizar estas probas, na práctica estánselles impoñendo uns custes moi superiores para a obtención do permiso de conducir.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego estamos ante un decisión por parte da administración central, igual que moitas outras, que ou ben están guiadas polo descoñecemento da nosa realidade social e demográfica ou por unha estratexia premeditada de desmantelamento do que queda de servizos e de vida no rural do noso país.

Ante esta situación este Grupo Parlamentar considera que o Goberno Galego non pode ficar impasíbel e que debe realizar unha actuación decidida para evitar un novo agravio e discriminación que para os e as veciñas da comarca de Valdeorras supón esta nova supresión de servizos. É pois, necesaria unha actuación decidida por parte do Goberno Galego para evitar esta nova desfeita poñendo todos os medios institucionais e políticos para que se manteñan, nas distintas comarcas afectadas, e por suposto tamén na de Valdeorras este servizo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Que actuacións vai realizar o Goberno Galego para defender os dereitos das persoas que viven nesta comarca evitando este novo recorte de servizos?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2015

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 16/07/2015 11:31:35

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Iglesias Sueiro, Deputada do Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Pleno** sobre a oferta formativa de FP no CIFP Portovello de Ourense para o curso 2015-2016.


A Orde do 11 de xuño de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, reduce a oferta educativa do CEIF Portovello de Ourense, eliminando a oferta presencial de persoas adultas no Ciclo Superior de Educación Infantil e no Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de Dependencia. Tamén se reduce a oferta no ciclo de Administración e Finanzas.

O Ciclo superior de educación infantil atópase totalmente consolidado, e en vías de consolidación o Ciclo de atención a persoas en situación de dependencia.

Os estudos mencionados manteñen unha ampla taxa de matrícula e acadan un alto índice de empregabilidade. Máis do 90% dos alumnos matriculados en cursos anteriores traballan actualmente.

Ourense será a única das provincias galegas que non disporá dunha oferta completa das tres modalidades de FP (ordinaria, persoas adultas presencial e persoas adultas a distancia)

Unha vez máis, a provincia é relegada e discriminada polo Goberno, nun modelo de país cun grave desequilibrio territorial.



Agora, o alumnado adulto, interesado nestes estudos, so poderá formalizar a matrícula na modalidade a distancia. Isto dificulta a continuación ou remate dos ciclos, o que implica a perda de oportunidades de traballo, nunha provincia con grandes necesidades sociais e sanitarias, das máis envellecidas do Estado e poucas oportunidades laborais dentro do país.

Polo anteriormente exposto, formúlase a seguinte **Pregunta** para resposta en **Pleno**:


- Que razóns xustifican a redución da oferta educativa no Ciclo Superior de Educación infantil e no Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de dependencia no CIFP Portovello de Ourense?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2015

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro
Deputada do G.P.Mixto do Parlamento de Galiza.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 16/07/2015 11:57:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, realiza a seguinte **pregunta oral** para resposta en **Pleno**, relativa ao uso de camións-hospital coma recurso sanitario habitual en Ourense:

A principios do mes de xullo recibimos a noticia de que a Consellería de Sanidade tiña intención de prestar asistencia sanitaria aos ourensáns e ourensás no interior de camións. O Presidente da Xunta presumía da suposta compra de dous vehículos sanitarios por un importe de 1,7 millóns de euros segundo os medios.

A excusa supostamente é a dispersión poboacional, sen embargo, trasladaron que ao principio os vehículos “prestarán” asistencia nas inmediacións do CHUO. E que probablemente logo trasladaranse en “rota” por diversos concellos da provincia.

Resulta asombrosa a política sanitaria da Xunta de Galicia que en troques de mellorar os centros hospitalarios prefire mercar camións e intervenir cirúrxicamente alí ás persoas. Resulta máis incrible se temos en conta, que supostamente estanse a dar obras para ampliar o Hospital de Ourense, previa privatización dos espazos do mesmo, e que segundo a propia Xunta en verán poden pechar camas porque hai menos intervencións cirúrxicas e non son necesarios tantos recursos.

Resulta tamén insultante que o mesmo Goberno que leva recurtado innumerables recursos humanos e materiais á atención primaria no rural, agora utilice a dispersión coma xustificación para atender á xente en camións. Non se construiu nin un só dos centros de saúde prometidos por Feijóo na provincia fai sete anos, somentes a ameaza da perda dos fondos europeos FEDER 2007-

2013 (o prazo de execución expira en 2015) está a facer que se levan a cabo algunhas licitacións de construción. E sen embargo nos tres últimos exercicios o propio PP ven rexeitando as emendas de AGE para ampliar o CS de Ourense e construír novos centros en Rivadabia e O Vintaún; ou as emendas para un Plan Diretor no CHUO 100% público (6 M€), Hospital do Barco de Valdeorras (2,2M€) ou Hospital de Verín (2M€), entre outras.

A realidade é que cada vez temos unha Sanidade Pública de peor calidade, con eliminación de servizos no rural, amortizando as prazas dos e das profesionais que se xubilan, recurtando servizos nos Hospitais e privatizando cada vez máis a Sanidade Ourenzá, que a día de hoxe ten o propio CHUO en mans de Ferrovial. E a última idea do Goberno é tratar de “agochar” todas esas retalladas na provincia con asistencia en camións.

Tendo en conta este asunto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA) pregunta:

Cómo xustifican a substitución de servizos e infraestructuras reais en Ourense por unha asistencia no interior de vehículos?

Compostela, 15 de xullo de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/07/2015 13:50:26

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓN

1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓN

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN

1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

4.1. INFORMACIÓN

4.2. CORRECCIÓN DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727